



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XV

Luns, 5 de agosto de 1996

Nº 152

P.V.P. 170 ptas. (IVE incluído)

SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
I. DISPOSICIÓN XERAIS		CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA		— Decreto 316/1996, do 26 de xullo, polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra de acondicionamento da estrada AC-450, treito Bertamiráns-Ne-greira, clave N/AC/91.3.2.	7.444
— Decreto 315/1996, do 26 de xullo, polo que se establece a proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos de idade.	7.442		
II. AUTORIDADES E PERSOAL		CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	
b) NOMEAMENTOS:		— Decreto 317/1996, do 26 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes ós estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 1996/1997.	7.444
CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS		— Corrección de erros.-Orde do 22 de abril de 1996 pola que se autoriza definitivamente a apertura e funcionamento de centros privados de educación secundaria.	7.449
— Orde do 19 de xullo de 1996 pola que se nomean vocais titulares das mesas autonómica e provincial de control e seguimento da renda de integración social de Galicia.	7.442	— Resolución do 3 de xullo de 1996, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros, pola que se lles autoriza a ampliación de unidades do segundo ciclo de educación infantil ós centros privados que se relacionan no anexo.	7.449
III. OUTRAS DISPOSICIÓN		CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS	
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA		— Resolución do 8 de xullo de 1996 pola que se proclaman os candidatos para cubri-las prazas vacantes no Consello Galego de Servicios Sociais.	7.449
— Orde do 15 de xullo de 1996 pola que se clasifica como de interese mixto a Fugspace, <i>Fundación para el Estudio y Desarrollo Socioeconómico de Galicia y de las Comunidade Europeas.</i>	7.443		

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

- Corrección de erros.—Decreto 229/1996, do 30 de maio, polo que se aproba o escudo heráldico e maila bandeira do Concello de Burela (Lugo).
- Decreto 318/1996, do 26 de xullo, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 45 RVL 95 P.O.L., alargamento e mellora da E.P. 30-40 de Vilardeouros por San Martín de Lúa a Pontigón, p.k. 1,374 ó 2,722.
- Resolución do 6 de xuño de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, depósito e publicación no *Diario Oficial de Galicia* do convenio colectivo da empresa *Cepillos Mariño, S.L.*

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Corrección de erros.—Resolución do 22 de xullo de 1996 pola que se convoca un curso de verán sobre a reforma administrativa.

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 24 de xuño de 1996, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 1/890/96, interposto por Javier Tovar Bobo.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Resolución do 10 de xullo de 1996 pola que se nomea profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Economía Aplicada II, a María Consuelo Sáez Díaz.

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 11 de xullo de 1996 pola que se fai pública a designación das comisións que resolverán os concursos das prazas 1/1996 e dez máis de profesorado desta universidade convocadas por Resolución do 17 de xaneiro de 1996.

Páxs.

7.450

7.450

7.451

7.453

7.454

7.454

7.454

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Resolución do 11 de xullo de 1996, da Delegación Territorial de Lugo, pola que se anuncia o extravío do resguardo do depósito en valores para os efectos de expedición de duplicado.
- Corrección de erros.—Cédula do 23 de febreiro de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican aumentos de base imponible dictados polo Servicio de Xestión Tributaria, referente ós conceptos e contribuíntes que se citan (Abal Valverde Carlos Javier e sesenta e nove máis).
- Cédula do 10 de xuño de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativo ós contribuíntes que se citan (Álvarez González José Ramón e seis máis).
- Cédula do 10 de xuño de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican aumentos de base imponible, dictados polo Servicio de Xestión Tributaria, referente ós conceptos e contribuíntes que se citan (Abella Pérez Secundino e trinta máis).
- Cédula do 10 de xuño de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican comprobación de valores e liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativo ós contribuíntes que se citan (Alonso Barreiro María e doce máis).

Páxs.

7.457

7.457

7.458

7.458

7.460

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

- Resolución do 26 de xullo de 1996 pola que se anuncia a licitación do concurso polo procedemento aberto, trámite de urxencia, das asistencias técnicas de clave N/AC/96.1, N/PO/89.3.1, N/AC/87.8.1, N/PO/91.4.2.2.
- Cédula do 1 de marzo de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se notifican as resolucións dictadas polo conselleiro, en recursos interpostos contra resolucións de expedientes sancionadores en materia de transportes, e devoltas polo servicio de correos (expediente XC-01832-0-91 e outros).

7.461

7.462

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
— Cédula do 10 de xullo de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se notifica a resolución dictada polo conselleiro no recurso interposto contra a resolución do delegado provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo en Pontevedra do 25 de xuño de 1991.	7.465	— Resolución do 7 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/5-1).	7.469
— Cédula do 12 de xullo de 1996, da Dirección Xeral de Obras Públicas e Transportes, pola que se notifican as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente LU-00002-I-96 e tres máis).	7.465	— Resolución do 10 de xuño de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número S.X.P.A. IN407A 96/99-2-4.574 A.T.).	7.470
— Cédula do 17 de xullo de 1996, da Subdirección Xeral de Inspección de Transportes, pola que se notifican as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente XC-00140-O-96 e dezaioito máis).	7.466	— Resolución do 11 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 95/84-1).	7.470
		— Resolución do 11 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 95/105-1).	7.470
		— Resolución do 11 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 95/122-1).	7.471
		— Resolución do 11 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/78-1).	7.471
		— Resolución do 14 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/68-1).	7.471
		— Resolución do 19 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 194/95-1).	7.472
		— Resolución do 19 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se abre información pública para a autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 96/443, R.C.I. 14.836).	7.472

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

- Resolución do 24 de xaneiro de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número S.X.P.A. IN407A 96/2-2. Libro de rexistro: 4.454 A.T.).
- Resolución do 29 de maio de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número S.X.P.A. IN407A 96/90-2-4.565 A.T.).
- Resolución do 5 de xuño de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número S.X.P.A. IN407A 96/95-2. Libro de rexistro: 4.570 A.T.).
- Resolución do 7 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 95/215-1).

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
— Resolución do 20 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/61-1).	7.472	— Cédula do 10 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, de notificación de proposta de resolución formulada no expediente sancionador de epizootias LU-187/1996, devolto polo servicio de correos por resultar descoñecido o seu destinatario.	7.476
— Resolución do 20 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/71-1).	7.473	CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA	
— Resolución do 20 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/77-1).	7.473	— Orde do 11 de xullo de 1996 pola que se aproba o cambio de dominio dunha batea de cultivo de mexillón denominada Romero, a favor de Vicente Pérez Dieste e Eladina Barreiro Freire.	7.476
— Resolución do 21 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 95/37-1).	7.473	— Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de propostas de resolución de expedientes sancionadores (C-1819/95 e C-1822/95).	7.476
— Resolución do 21 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/47-1).	7.474	— Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de prego de cargos en expedientes sancionadores (C-641/96 e dous máis).	7.477
— Resolución do 21 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/72-1).	7.474	CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA	
		— Resolución do 22 de xullo de 1996, pola que se anuncia concurso público para a contratación da subministración consistente na adquisición da rede informática con destino ó CES-Galicia.	7.477
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES		SERVICIO GALEGO DE SAÚDE	
— Corrección de erros.-Resolución do 28 de xuño de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se fai pública a convocatoria de poxa para o alleamento das madeiras que se citan.	7.474	— Resolución do 26 de xuño de 1996, da Dirección Xeral de Recursos Económicos, pola que se anuncia contratación polo sistema de concurso público e procedemento aberto para a redacción do proxecto básico e de execución do acondicionamento para unidade de atención primaria (UAP) e PAC no antigo Hospital Militar da Coruña.	7.478
— Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, de notificación de incoación dos expedientes sancionadores de epizootias LU-164/1996 e 230/1996.	7.475	— Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público número 27/1996 para a contratación da subministración sucesiva de material de laboratorio para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario.	7.478
— Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, de notificación da resolución formulada no expediente sancionador de epizootias LU-246/1995, devolta polo servicio de correos por atoparse ausente nas horas de reparto o seu destinatario.	7.475		

<u>Páxs.</u>	b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL	<u>Páxs.</u>
<p>— Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público para a contratación da subministración dun equipo automático de tórax para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario (expediente número 25/1996).</p> <p>— Resolución do 2 de xullo de 1996 da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público número 28/1996 para a contratación da subministración sucesiva de válvulas para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario.</p> <p>— Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público número 24/1996 para a contratación da subministración sucesiva de marcapasos para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario.</p> <p>— Resolución do 4 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público para a contratación da subministración de frascos de hemocultivos para os laboratorios de microbioloxía do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario (expediente 57/1996).</p>	<p>CONCELLO DE LUGO</p> <p>— Edicto do 19 de xullo de 1996 polo que se anuncia a aprobación inicial do P.A.U. e Plan Parcial do NRF Campiña-Zarra.</p> <p>CONCELLO DE OLEIROS</p> <p>— Anuncio (FG-257).</p> <p>CONCELLO DE PONTEVEDRA</p> <p>— Resolución do 17 de xullo de 1996 pola que se dispón a publicación da convocatoria de procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do exercicio de 1996 e dun posto de traballo.</p> <p>— Anuncio polo que se aclara o límite do prazo establecido para a presentación de proposicións optando á concesión da obra dun aparcamento subterráneo na parte posterior da audiencia provincial e a subseguinte explotación.</p> <p>CONCELLO DE RODEIRO</p> <p>— Anuncio.</p> <p>CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA</p> <p>— Anuncio de concurso aberto.</p>	<p>7.479</p> <p>7.482</p> <p>7.482</p> <p>7.483</p> <p>7.484</p> <p>7.484</p> <p>7.484</p> <p>7.482</p>



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN
 Secretaría Xeral da
 Consellería da Presidencia
 e Administración Pública
 Edificio San Caetano
 Teléfonos 544268 – 544270
 Fax 544272 – 544273
 Santiago de Compostela
 ISSN 1.130-9229
 Depósito Legal C. 73-1982
 IMPRIME
 La Voz de Galicia, S.A.
 C/. Concepción Arenal, 11-13
 A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 315/1996, do 26 de xullo, polo que se establece a proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos de idade.

O artigo 52.30 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, (BOE do 4) de ordenación xeral do sistema educativo establece que as administracións educativas organizarán periodicamente probas para que as persoas maiores de 18 anos de idade poidan obter directamente o título de graduado en educación secundaria.

O artigo 16.3º do Real decreto 1487/1994, do 1 de xullo, (BOE do 28) dispón a posibilidade de que as administracións educativas que anticipen a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria poidan establecer probas para obter o título de graduado en educación secundaria, dirixidas á poboación adulta que rematou os estudos sen a obtención do citado título.

O Decreto 78/1993, do 25 de febreiro (DOG do 2 de abril) regula o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Implantada anticipadamente nesta comunidade a Educación Secundaria Obrigatoria, e existindo alumnos e alumnas que remataron os estudos dela sen ter acadados os obxectivos desta etapa educativa e, por conseguinte, sen ter recibido o título de graduado en educación secundaria, cómpre establecer o procedemento que permita obter a mencionada titulación ás persoas maiores de 18 anos.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión celebrada o día vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente decreto ten por finalidade establecer na Comunidade Autónoma de Galicia a proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para aquelas persoas maiores de dezoito anos que non acadaron o dito título polo procedemento previsto no artigo 22.2º da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará dúas convocatorias anuais, a través do *Diario Oficial de Galicia*, para a realización da proba á que fai referencia o punto anterior.

Artigo 2º.-Titulación.

A todas aquelas persoas que superen a proba seralle expedido o título de graduado en educación secundaria. Este título é o documento acreditativo de ter acadados os obxectivos de Educación Secundaria Obrigatoria ou de ter superadas as probas ás que se refire o artigo 52.3º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. A posesión deste título faculta para acceder ó bacharelato e á formación profesional específica de grao medio.

Disposición transitoria

Única.-De acordo co establecido no artigo 16.1º do Real decreto 1487/1994, de 1 de xullo, (BOE do 28) continuarán convocándose probas extraordinarias para a obtención do título de graduado escolar durante os 5 anos seguintes á extinción das ensinanzas de 8º curso de EXB e segundo o seu artigo 16.2º convocaranse probas de avaliación de ensinanzas non escolarizadas para a obtención do título de técnico auxiliar ata o remate do curso 1999/2000.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Queda autorizada a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dictar as disposicións pertinentes para desenvolver o establecido no presente decreto.

Segunda.-A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Orde do 19 de xullo de 1996 pola que se nomean vocais titulares das mesas autonómica e provincial de control e seguimento da renda de integración social de Galicia.

O artigo 36 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, en concordancia cos artigos 80.1º e 81.1º do Decreto 374/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, dispoñen a constitución dunha mesa en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma e doutra a nivel auto-

nómico, que actuarán como órganos superiores de control e seguimento da aplicación da renda de integración social de Galicia e que estarán integradas, entre outros membros, por sete representantes das organizacións empresariais máis representativas a nivel autonómico.

As normas de organización e funcionamento interno da Mesa Autonómica da Renda de Integración Social publicadas no *Diario Oficial de Galicia* de data 23 de outubro de 1992, que rexerán tamén para as mesas provinciais, a teor do disposto no artigo 81.3º do Decreto 374/1991, do 24 de outubro, establecen no seu artigo 7.2º que os nomeamentos e substitucións de tódolos membros da mesa se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude foron comunicadas a esta consellería propostas da Confederación de Empresarios, acordando substituír dous dos seus actuais vocais titulares.

En consecuencia, en uso das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPÕÑO:

Artigo 1º

Nomear, en representación da Confederación de Empresarios de Galicia, a Marina Graña Bermúdez vocal titular da Mesa Autonómica de Control e Seguimento da Renda de Integración Social de Galicia, en substitución de Jesús Seoane Pereiro.

Artigo 2º

Nomear, en representación da Confederación de Empresarios de Ourense, a Ana María García Revilla vocal titular da Mesa Provincial de Ourense de Control e Seguimento da Renda de Integración Social de Galicia, en substitución de Luis Parente Parente.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 1996.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 15 de xullo de 1996 pola que se clasifica como de interese mixto a Fusgace, Fundación para el Estudio y Desarrollo Socioeconómico de Galicia y de las Comunidade Europeas.

Visto o expediente de clasificación de Fusgace, *Fundación para el Estudio y Desarrollo Socioeconómico de Galicia y de las Comunidades Europeas*,

con domicilio na Urbanización Vila Culler, edificio 4, portal A-6ºC de Fonteculler (Culleredo).

Supostos de feito.

1. Joaquín de Ramos Durántez, na súa calidade de representante da fundación, en escrito do 1 de marzo de 1996, formulou solicitude de clasificación para efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña, o día 28 de febreiro de 1996, ante o notario Francisco Manuel Ordóñez Armán, co número cincocentos trece do seu protocolo polas entidades *Instituto de Dirigentes de Galicia, S.L.* (representada por Uxío Fernández Fernández), *Planigalaica, S.L.* (representada por Joaquín de Ramos Durántez) e *Biancio Inmobiliaria, S.A.* (representada por Camilo Prado López), sendo complementada e emendada por outra de vintecinco de marzo perante o mesmo notario e co número setecentos corenta e tres de protocolo.

3. Segundo consta no artigo cinco dos seus estatutos a fundación ten por obxecto e finalidade -entre outros- estudar e analiza-la realidade socioeconómica de Galicia, desenvolvendo actividades, publicacións, cursos, reunións científicas, investigacións, etc. que se poidan levar a cabo.

4. O padroado da fundación regúlase no artigo 17 dos seus estatutos.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías elevoulle ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública proposta de clasificación como de interese mixto de Fusgace, *Fundación para el Estudio y Desarrollo Socioeconómico de Galicia y de las Comunidades Europeas*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpríndose os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese mixto e a súa adscrición á Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e a Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia

exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º.c) do Decreto 248/92, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 1 de xullo de 1996.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese mixto a Fusgace, *Fundación para el Estudio y Desarrollo Socioeconómico de Galicia y de las Comunidades Europeas*, e adscribirla á Consellería da Presidencia e Administración Pública, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1996.

Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 316/1996, do 26 de xullo, polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra de acondicionamento da estrada AC-450, treito Bertamiráns-Negreira, clave N/AC/91.3.2.

O 22 de xullo de 1996 o director xeral de Obras Públicas e Transportes por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto da obra de acondicionamento da estrada C-450, treito Bertamiráns-Negreira, clave N/AC/91.3.2.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada pola continuidade das actuacións no itinerario, pola especial

incidencia na seguridade vial e por contar co financiamento da Comunidade Europea.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 8 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declara-la utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto da obra de acondicionamento da estrada AC-450, treito Bertamiráns-Negreira, clave N/AC/91.3.2.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 317/1996, do 26 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes ós estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 1996/1997.

A Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro), de reforma universitaria, establece no seu artigo 54.3º b) que lle corresponde á Comunidade Autónoma fixa-las taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que a nivel estatal ten que establece-lo Consello de Universidades. Para os restantes estudos serán fixados polo Consello Social ou polo órgano substitutorio, que é competente segundo a lexislación vixente no caso das universidades que non teñan constituídos os citados consellos.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro de 1988), traspásalle á Comunidade Autónoma as competencias e servizos en materia de universidades.

O Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia aprobado pola Comisión 3ª de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia na sesión do día 17 de outubro de 1989 e con vixencia temporal ata o ano 1996, ten determinado no

seu cadro III que os prezos públicos que perciben as universidades teñen a consideración de recursos externos á Xunta de Galicia e introduce, así mesmo, o concepto de módulo por alumno, prevendo un incremento dos prezos de ano a ano. Estas condicións fan necesario establecer qué se entenderá por matrícula de curso completo para os efectos de poder determina-lo financiamento das universidades en función do módulo por alumno e ano completo de estudos, recollendo, polo tanto, neste decreto o número mínimo de créditos que o decreto estatal (Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, BOE do 14 de decembro) de directrices xerais de plans de estudos, identifica como carga lectiva do curso.

Neste contexto normativo, e dada a consideración de prezos públicos para os servizos académicos, o presente decreto fixa os importes que pagarán os alumnos polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, actualizando as tarifas vixentes no curso pasado e distinguindo entre prezos correspondentes a plans de estudos reformados e prezos correspondentes a plans de estudos aínda sen axustar ás directrices da reforma dos títulos universitarios.

No uso das súas competencias, o Consello de Universidades, na sesión da súa Comisión de Coordinación e Planificación, do 17 e 18 de xuño (BOE nº 155 do 27 de xuño de 1996) fixou, para o curso 1996–1997, os límites de aumento dos prezos académicos e demais dereitos polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC definido no período que vai de maio de 1995 a maio de 1996, e o dito incremento aumentado en 3 puntos.

Tendo en conta as previsión macroeconómicas xerais para Galicia, as marxes fixadas no Plan de Financiamento, e a distinción entre ensinanzas renovadas e non renovadas, así como a diferenza entre o prezo da 1ª e 2ª matrícula fronte ó prezo da 3ª e sucesivas matrículas (Decreto 263/1993, do 28 de outubro) cómpre proceder á publicación dos prezos que se pagarán en Galicia polos estudos universitarios conducentes a títulos oficiais, incrementando os prezos do curso pasado na contía correspondente á suba do IPC estatal determinado entre maio de 1995 e maio de 1996, pois entendemos que nestes prezos é onde, especialmente, se manifesta a política social de apoio ó principio de igualdade de oportunidades para garanti-lo dereito ó estudio.

Na súa virtude, ó abeiro do establecido no artigo 26.1º a) da Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril), de taxas e prezos públicos, e pola Lei de Galicia 13/1991, do 9 de decembro (DOG do 13 de decembro), de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e logo de consultar ás universidades, cómpre fixa-los prezos correspondentes ó ano académico 1996–1997.

Por todo o que antecede, en virtude das atribucións que me confire a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, oídos os rectores das universidades galegas, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Os prezos que se pagarán no curso 1996/1997 polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario nas tres universidades públicas galegas, serán os establecidos segundo as normas do presente decreto na contía que se sinala no anexo deste.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo Consello Social, e no caso de que non estea constituído ese órgano, polo órgano substitutorio que é competente segundo a lexislación vixente.

3. De cara ós prezos públicos diferéncianse neste decreto as ensinanzas renovadas das ensinanzas non renovadas.

Ensinanzas renovadas son as que corresponden ós estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional establecidos polo Goberno, con carácter oficial e validez en todo o territorio nacional para os que as universidades galegas teñan plans de estudos homologados polo Consello de Universidades ó abeiro do decreto de directrices xerais propias do título de que se trate.

Ensinanzas non renovadas son as que corresponden ós estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional non incluídas no apartado anterior ou que estando incluídas nel responden a normativas de plans de estudos anteriores as directrices xerais propias do título de que se trate e estean homologados polo Consello de Universidades.

Artigo 2º.—Das ensinanzas non renovadas.

1. Os prezos establecidos nas alíneas 1, 3 e 5 da tarifa primeira do anexo do presente decreto poderán abonarse por curso completo ou por disciplinas. As disciplinas poderán ser anuais ou cuadrimestrais, de acordo co establecido pola universidade, en función do número de horas lectivas que figure nos plans de estudos. O importe do prezo aplicable para as disciplinas cuadrimestrais será a metade do establecido para as anuais.

2. O importe do prezo establecido para cada disciplina solta será diferente segundo que o curso a que corresponda estea constituído por menos de sete disciplinas anuais ou por sete ou máis dis-

ciplinas anuais. Para estes efectos unha disciplina anual será equivalente a dúas cuatrimestrais.

3. Cando un alumno se matricule nunha mesma disciplina por terceira ou posteriores veces, o importe da matrícula desta verase incrementado nun 25%.

4. En calquera caso, cando un alumno se matricule en disciplinas soltas correspondentes a un mesmo curso, o importe da matrícula que se deberá satisfacer non poderá exceder do fixado para un curso completo, agás se nalgunha das disciplinas se matriculara por terceira ou posteriores veces; e neste caso, o importe total da matrícula non poderá superalo prezo do curso completo, incrementado nun 25%.

5. As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou de varias matrículas de honra levaranse a cabo logo de face-lo cálculo do importe total da matrícula.

6. O curso completo entenderase nas ensinanzas non renovadas como o total de disciplinas atribuídas no plan de estudos ó curso.

Artigo 3º.—Das ensinanzas renovadas.

1. No caso de ensinanzas renovadas o importe das materias ou disciplinas calcularase de conformidade co número de créditos asignado a cada unha delas e o prezo establecido para o crédito. Para estes efectos o importe do crédito calcúlase dividindo o prezo dun curso académico completo (establecido neste decreto nas alíneas 1.1 e 3.1 do anexo) entre o número 60, que é o mínimo posible de créditos correspondentes á carga lectiva de cada ano atendendo ás directrices xerais de plans de estudos.

2. Cando o plan de estudos especifique a carga lectiva por curso, entenderase por curso completo o número total de materias ou disciplinas, incluíndo os créditos de optativas e de libre elección asignadas ó correspondente curso.

No caso de plans de estudos homologados por ciclos sen especificación por curso, o número de créditos de cada curso establecerase ó divídi-lo número total de créditos do ciclo polo número de anos que lle corresponde a este.

Cando unha parte dos créditos estea estruturada por curso e outra parte estea estruturada por ciclo, o total de créditos do curso queda identificado pola suma de créditos asignados ó curso no plan maila parte anual de créditos do ciclo que resulte de aplicalo criterio do parágrafo anterior.

3. Cando un alumno se matricule nunha mesma materia ou disciplina por terceira vez ou posteriores veces, o importe do crédito correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 25%.

4. Os alumnos poderán matricularse por curso completo ou en disciplinas ou créditos soltos. En calquera caso, cando o alumno se matricule en dis-

ciplinas ou créditos soltos correspondentes a disciplinas ou créditos dun mesmo curso, o importe da matrícula a satisfacer polo total dos créditos non poderá exceder do importe fixado para a matrícula correspondente ó total de créditos de cada curso segundo a especificación do apartado 2 deste artigo.

Cando os alumnos cursen ensinanzas renovadas o prezo que aboarán polas primeiras matrículas, polo total de créditos de que se matriculen, en ningún caso superará o das primeiras matrículas dos respectivos cursos completos das ensinanzas non renovadas correspondentes.

A limitación a que se refire o parágrafo anterior aplicarase cando o alumno se matricule dun número de créditos non superior á carga lectiva asignada ó curso correspondente polo respectivo plan de estudos ou cando o referido número de créditos non supere o resultante de divídi-la totalidade dos créditos asignados ó ciclo correspondente, entre os anos de duración deste. Noutro caso, o alumno deberá paga-lo prezo dos créditos que excedan dos citados máximos.

Se nalgunha das disciplinas ou créditos se matricula por terceira ou posteriores veces, o importe total desa matrícula non poderá superalo prezo correspondente ó total de créditos de cada curso segundo as especificacións do apartado 2 deste artigo incrementado nun 25%.

5. As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou de varias matrículas de honra levarase a cabo logo de face-lo cálculo do importe total da matrícula e aplicaranse ó número de créditos correspondentes á disciplina ou disciplinas nas que obtivo a matrícula de honra.

6. Os créditos correspondentes a libre elección polo estudante para a flexible configuración do seu currículum serán aboados de acordo coa tarifa establecida para a titulación que se pretende obter, con independencia do departamento ou centro onde se cursen os ditos créditos. No concepto de curso completo entenderanse incluídos os créditos de libre elección que lle correspondan de acordo co apartado 2 deste artigo.

Artigo 4º

1. O importe dos cursos ou seminarios de cada programa de doutoramento calcularase de acordo co número de créditos asignados a cada curso ou seminario, tendo en conta o prezo establecido para cada crédito. Para estes efectos, o importe do crédito fixarase tomando como referente a relación entre o prezo medio dun curso académico determinado segundo o establecido nos artigos 2º e 3º do presente decreto e o conxunto de 16 créditos por ano de doutoramento.

Os créditos correspondentes ós cursos de doutoramento serán aboados de acordo coa distinción de titulacións que se fai na tarifa primeira (1.1 e 3.1) tendo en conta con qué titulación está rela-

cionado o contido fundamental do programa de doutoramento.

Artigo 5º

1. En todo caso o dereito a exame e a avaliación correspondente das disciplinas ou, se é o caso, créditos matriculados estará limitado polas incompatibilidades académicas derivadas dos plans de estudos. Só para estes efectos, as universidades, polo procedemento que determinen as respectivas xuntas de goberno, poderán fixar un réxime de incompatibilidades académicas para aqueles plans de estudos nos que non estivese establecido previamente.

2. O exercicio das posibilidades de matrícula derivadas dos artigos anteriores non obrigará á modificación do réxime de horarios xerais, que foi determinado en cada centro, de acordo coas necesidades docentes dos seus plans de estudos.

3. Non obstante o establecido nos artigos anteriores, aqueles alumnos que empecen os seus estudos deberán matricularse do total dos créditos correspondentes á carga lectiva asignada ó primeiro curso no plan de estudos. No caso que o plan de estudos non fixese referencia explícita ó mínimo de créditos que corresponden a primeiro curso, entenderase a obriga segundo o establecido no apartado 2 do artigo 3º para as ensinanzas renovadas. No caso das ensinanzas non renovadas entenderase a obriga segundo o establecido no apartado 6 do artigo 2º. Todo isto, salvo que se producise validación ou adaptación (según anexo I do R.D. 1267/1994, do 10 de xuño, BOE nº 275), de materias do devandito primeiro curso, xa que neste caso o alumno non terá que matricularse das materias validadas.

Artigo 6º

1. Os alumnos dos centros adscritos e os que obtengan a validación de cursos completos ou de disciplinas soltas por razóns de estudos realizados en centros nacionais non estatais ou en centros estranxeiros aboaranlle á universidade o 25% dos prezos establecidos nas alíneas 1, 2, 3, 4 e 5 da tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

2. Pola adaptación de estudos realizados en centros estatais non se aboarán prezos, agás se a validación é para a obtención doutro título académico. O prezo neste caso será do 25% dos prezos establecidos no anexo.

Artigo 7º

De conformidade co establecido no artigo 3.1º do Real decreto 2298/1983, do 28 de xullo (BOE do 27 de agosto), polo que se regula o sistema de bolsas e outras axudas ó estudio de carácter personalizado, os alumnos que reciban unha bolsa de estudos con cargo ós orzamentos xerais do Estado non estarán obrigados a paga-lo prezo polos servizos académicos.

Os alumnos que no momento de formalizaren a matrícula se acollan á exención de prezos por ter solicitada a concesión dunha das bolsas de estudos xerais convocadas polo MEC e ós que, posteriormente, non se lles concedese esta polo que resultaría que o alumno non tería dereito á axuda establecida de matrícula, estarán obrigados ó aboamento do prezo correspondente á matrícula que fixeron. Non pagar este prezo producirá automaticamente a anulación da dita matrícula en tódalas disciplinas.

Artigo 8º

No caso das disciplinas de plans de estudos con dereito a exame pero nas que non se imparte xa docencia, pagarase por crédito ou disciplina, segundo corresponda, o 25% dos prezos da tarifa ordinaria.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Tarifa primeira. Estudos nas facultades e escolas técnicas superiores en calquera dos seus ciclos (incluídos os cursos de adaptación para o acceso de titulados polas escolas universitarias e facultades e escolas técnicas superiores), e nas escolas universitarias.

1. Estudos de ensinanzas non renovadas conducentes ós títulos de licenciado en farmacia, bioloxía, matemáticas, ciencias e tecnoloxía dos alimentos, física, medicina, odontoloxía, veterinaria, ciencias (incluídas as constituídas conforme o Decreto 1975/1973, do 26 de xullo), informática, ciencias do mar e belas artes; de arquitecto e enxeñeiro; de arquitecto técnico ou de enxeñeiro técnico; diplomado en enfermería, fisioterapia, informática, óptica e optometría, licenciado e diplomado en mariña civil, e licenciado en ciencias da actividade física e do deporte e aquelas outras denominacións de titulacións universitarias homologadas con estas.

1.1. Por curso completo: 87.471 ptas.

1.2. Por disciplinas soltas:

a) Disciplina anual correspondente a un curso de menos de sete disciplinas anuais en primeira e segunda matrículas: 22.751 ptas.

b) Disciplina anual correspondente a un curso de menos de sete disciplinas anuais, en terceira e sucesivas matrículas: 28.439 ptas.

c) Disciplina anual correspondente a un curso de sete ou máis disciplinas anuais en primeira e segunda matrículas: 15.056 ptas.

d) Disciplina anual correspondente a un curso de sete ou máis disciplinas anuais, en terceira e sucesivas matrículas: 18.820 ptas.

2. Estudos de ensinanzas renovadas conducentes a títulos especificados no apartado 1 homologadas polo R.D. 1954/1994, de homologación de títulos ós do catálogo de títulos universitarios oficiais.

-En primeira e segunda matrículas, por cada crédito: 1.456 ptas.

-En terceira ou sucesivas matrículas, por cada crédito: 1.820 ptas.

3. Outros estudos de ensinanzas non renovadas conducentes a títulos oficiais do primeiro e segundo ciclo, distintos dos especificados no apartado 1.

3.1. Por curso completo: 61.744 ptas.

3.2. Por disciplinas soltas:

a) Disciplina anual correspondente a un curso de menos de sete disciplinas anuais en primeira e segunda matrículas: 15.746 ptas.

b) Disciplina anual correspondente a un curso de menos de sete disciplinas anuais, en terceira e sucesivas matrículas: 19.684 ptas.

c) Disciplina anual correspondente a un curso de sete ou máis disciplinas anuais en primeira e segunda matrículas: 10.491 ptas.

d) Disciplina anual correspondente a un curso de sete ou máis disciplinas anuais, en terceira e sucesivas matrículas: 13.115 ptas.

4. Estudos de ensinanzas renovadas conducentes a títulos oficiais de 1º e 2º ciclo distintos dos especificados no apartado 1 homologadas polo R.D. 1954/1994, de homologación de títulos ós do catálogo de títulos universitarios oficiais.

-En primeira e segunda matrículas, por cada crédito: 1.029 ptas.

-En terceira e sucesivas matrículas, por cada crédito: 1.286 ptas.

5. Estudos conducentes ó título de doutor:

a) Conducente a un título de doutor con denominación correspondente a un dos títulos especificado na tarifa primeira, 1 e 2, por cada crédito: 5.467 ptas.

b) Conducente a un título de doutor con denominación correspondente a un dos títulos da tarifa primeira, 3 e 4, por cada crédito: 3.858 ptas.

Tarifa segunda. Expedición de títulos académicos:

1. Doutor: 20.113 ptas.

2. Licenciado, arquitecto ou enxeñeiro: 13.522 ptas.

3. Diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico: 6.603 ptas.

4. Expedición e impresión de duplicados de títulos universitarios oficiais: 3.087 ptas.

Tarifa terceira. Probas de aptitude para acceso á universidade: 6.994 ptas.

Tarifa cuarta. Certificado de aptitude pedagóxica (inclúense tódolos cursos): 20.464 ptas.

Tarifa quinta. Exame de grao.

1. Proxectos de fin de carreira: 12.860 ptas.

2. Exame para o grao de licenciado: 12.860 ptas.

3. Exame para o grao de doutor: 12.860 ptas.

Tarifa sexta. Curso de iniciación e orientación para maiores de 25 anos: 10.437 ptas.

Tarifa sétima. Estudos de especialidades en áreas das ciencias da saúde:

1. Estudos de especialidades médicas que non precisen formación hospitalaria do parágrafo 3º do anexo do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, en unidades docentes acreditadas, por cada crédito: 3.533 ptas.

2. Estudos de especialidades en enfermería en unidades docentes acreditadas, consideradas no Real decreto 992/1987, do 3 de xullo, por cada crédito: 901 ptas.

3. Estudos das especialidades de farmacia, análises clínicas, en escolas profesionais recoñecidas segundo o Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro, por cada crédito: 3.533 ptas.

Tarifa oitava. Validación de disciplinas para a obtención doutro título ou de estudos realizados en centros nacionais non estatais ou estranxeiros, o 25% do que corresponde ós prezos establecidos nas alíneas 1, 2, 3, 4 e 5 da tarifa primeira.

Tarifa novena. Obtención, por validación, de títulos de diplomados das escolas universitarias:

1. Por avaliación académica e profesional conducente á devandita validación: 12.860 ptas.

2. Por traballos esixidos para a dita validación: 21.419 ptas.

Tarifa décima. Proba de conxunto para homologación de títulos estranxeiros de educación superior: 12.801 ptas.

Tarifa décimo primeira. Secretaría:

1. Pola apertura de expediente académico ó comezo—los estudos nun centro, certificación académica e traslados de expediente académico: 2.450 ptas.

2. Pola compulsión de documentos: 961 ptas.

3. Pola expedición de tarxetas de identidade: 526 ptas.

Tarifa décimo segunda. Cursos e exame de reválida/tese de licenciatura nas escolas sociais: 12.860 ptas.

Corrección de erros.-Orde do 22 de abril de 1996 pola que se autoriza definitivamente a apertura e funcionamento de centros privados de educación secundaria.

Advertida omisión na mencionada orde, publicada no DOG número 95, do mércores 15 de maio de 1996, cómpre face-la oportuna corrección:

Na páxina 4.605, no anexo, no centro Compañía de María de Santiago de Compostela, no apartado b), onde di:

«b) Centro de educación primaria: 18 unidades», debe dicir «b) Centro de educación primaria: 18 unidades de educación primaria e 1 unidade de educación especial».

Resolución do 3 de xullo de 1996, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros, pola que se lles autoriza a ampliación de unidades do segundo ciclo de educación infantil ós centros privados que se relacionan no anexo.

Examinados os expedientes incoados polas titularidades dos centros privados que se relacionan no anexo da presente resolución nos que solicitan a ampliación de unidades do segundo ciclo de educación infantil.

Resultando que os expedientes foron tramitados polas respectivas delegacións provinciais de Educación e Ordenación Universitaria que os envían cos informes emitidos polas inspeccións de educación e polas unidades técnicas.

Vistos a Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (BOE do 4), o Real Decreto 1004/1991, do 14 de xuño (BOE do 26), o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22), a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) e demais disposicións complementarias.

Considerando que os devanditos centros privados teñen autorización ou clasificación definitiva para impartir educación preescolar.

Considerando que o Real Decreto 1004/1991 establece, na súa disposición transitoria terceira, que os centros privados que teñan autorización ou clasificación definitiva para impartir a educación preescolar, na entrada en vixencia deste Real decreto, enténdense autorizados para poder impartir-lo segundo ciclo de educación infantil, suposto que se dá nos centros solicitantes. Esta dirección xeral,

RESOLVEU:

Autoriza-la ampliación de unidades do segundo ciclo de educación infantil ós centros privados que se relacionan no anexo da presente resolución,

facendo constar que, para a posta en funcionamento das mesmas, a titulación do profesorado deberá axustarse ó establecido no Real Decreto 1004/1991.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 1996.

Severino Somoza Gómez

Director xeral de Ordenación Educativa e Centros

ANEXO

PROVINCIA DA CORUÑA

Concello: Santiago de Compostela.
Localidade: Santiago de Compostela.
Enderezo: Concepción Arenal, 11.
Denominación: La Inmaculada.
Titular: Hermanos de las Escuelas Cristianas.
Nivel: educación infantil-2º ciclo.
Unidades de que constaba: 2.
Unidades novas autorizadas: 1.
Total de unidades autorizadas: 3.

Concello: Santiago de Compostela.
Localidade: Santiago de Compostela.
Enderezo: San Roque, 6.
Denominación: La Salle.
Titular: Hermanos de las Escuelas Cristianas.
Nivel: educación infantil-2º ciclo.
Unidades de que constaba: 6.
Unidades novas autorizadas: 2.
Total de unidades autorizadas: 8.

PROVINCIA DE OURENSE

Concello: Ourense.
Localidade: Ourense.
Enderezo: Rúa Vasco da Fonte, polígono As Lagoas.
Denominación: A Casiña-Lagunas.
Titular: Cáritas Diocesana de Ourense.
Nivel: educación infantil-2º ciclo.
Unidades de que constaba: 2.
Unidades novas autorizadas: 1.
Total de unidades autorizadas: 3.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Concello: Cangas.
Localidade: Cima de Vila.
Enderezo: Enseñanza, 9.
Denominación: Compañía de María.
Titular: Compañía de María.
Nivel: educación infantil-2º ciclo.
Unidades de que constaba: 4.
Unidades novas autorizadas: 2.
Total de unidades autorizadas: 6.

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Resolución do 8 de xullo de 1996 pola que se proclaman os candidatos para cubri-las prazas vacantes no Consello Galego de Servicios Sociais.

En desenvolvemento da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, pola que se configura o Consello Galego de Servicios Sociais como órgano

superior consultivo e de participación da Comunidade Autónoma no eido dos servizos sociais, dictáronse o Decreto 336/94, do 27 de outubro, que establece a composición do devandito consello e a Orde do 10 de maio de 1995, que determina as normas e prazos que deberían rexe-lo procedemento para a designación ou elección, segundo o caso, e posterior nomeamento dos vocais do consello.

Proclamados os candidatos e efectuadas as votacións, procedeuse a publica-los resultados das eleccións dos vocais do Consello Galego, quedando algúns sectores sen representación, ó non presentaren as entidades candidatura ou porque, presentádoas, non cumprían os requisitos formais establecidos na referida orde, polo que, en virtude da Orde do 8 de abril de 1996 (DOG nº 80, do 24 de abril), se convocou un novo proceso electivo para cubri-las prazas vacantes do Consello Galego de Servizos Sociais.

Para os efectos de proceder ás votacións e, de conformidade co disposto no artigo 4 da Orde do 10 de maio de 1995, que establece un prazo de quince días naturais desde a publicación desta resolución para que as entidades con dereito a voto poidan emitilo, segundo o modelo que se publica como anexo V a dita orde, esta consellería,

RESOLVE:

Proclama-los candidatos a vocais do Consello Galego de Servizos Sociais, en representación das entidades que actúan na área da muller:

María Josefa Castro Aznar, Asociación Benéfico Cultural Brisa.

María Nieves Cuéllar Redondo, Asociación Provincial de Amas de Casa y Consumidores Rías Baixas.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 1996.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Corrección de erros.—Decreto 229/1996, do 30 de maio, polo que se aproba o escudo heráldico e maila bandeira do Concello de Burela (Lugo).

Advertido erro no citado decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 114, do 11 de xuño de 1996, transcríbese de seguido a oportuna corrección de erros:

-Na páxina 5.669, no artigo 1 do decreto nas liñas 3ª e 4ª do parágrafo 1º, onde di: «...cun faro de prata acompañado no alto dun torques de ouro brochante...», debe dicir: «...e un faro de ouro sumado dun torques do mesmo brochantes...».

-Na páxina 5.669, no artigo 2 do decreto nas liñas 2º, 3ª, 4ª e 5ª do parágrafo 2º, onde di: «...partido de azul escuro ou mareiro o hasta (1/3), co faro de branco e a torques de amarelo, e de azul claro ou celeste ó batente (2/3)...», debe dicir: «...dividida verticalmente a un tercio da hasta, de azul escuro á hasta, co faro e o torques de amarelo, e de azul claro ó batente...».

Decreto 318/1996, do 26 de xullo, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 45 RVL 95 P.O.L., alargamento e mellora da E.P. 30-40 de Vilardemouros por San Martín de Lúa a Pontigón, p.k. 1,374 ó 2,722.

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 17 de novembro de 1995, aprobou o proxecto de 45 RVL 95 P.O.L., alargamento e mellora E.P. 30-40 de Vilardemouros por S. Martín de Lúa a Pontigón, p.q. 1,374 ó 2,722, e na sesión do día 28 de febreiro de 1996 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. A deputación remitiu documentación complementaria para a correcta tramitación do expediente con data de entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o día 24 de xuño de 1996 de baixo o número 6397.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable. O dito informe tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o día 1 de xullo 1996, nº 6663.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, porque este proxecto figura incluído nun plan financiado con fondos estatais de colaboración local incluídos nos orzamentos xerais do Estado para o ano 1995, e por tanto aplícaselle o disposto na correspondente lei así como no artigo 15 do R.D. 665/1990, do 25 de maio que di: «O Plan provincial de cooperación deberá, con carácter xeral, quedar totalmente executado dentro do ano seguinte a aquel en que fose concedida la subvención».

A competencia para a declaración da urxente ocupación corresponde ó Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis,

DISPÕO:

Artigo único.—De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de 45 RVL 95 P.O.L., alargamento e mellora E.P. 30–40 de Vilar-demouros por S. Martín de Lúa a Pontigón, p.k. 1,374 ó 2,722.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Resolución do 6 de xuño de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, depósito e publicación no Diario Oficial de Galicia do convenio colectivo da empresa Cepillos Mariño, S.L.

Visto o expediente do convenio colectivo para a empresa *Cepillos Mariño, S.L.*, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 4-6-1996, suscrito en representación da parte económica por unha representación da empresa, e da parte social, polos delegados de persoal, en data 14-5-1996. De conformidade co disposto no artigo 90, 2º y 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial de Pontevedra,

ACORDA:

Primeiro.—Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, desta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC).

Terceiro.—Dispõe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 6 de xuño de 1996.

Antonio Coello Bufill
Delegado provincial de Pontevedra

Artigo 1º.—Convenio propio.

O presente convenio afectará á empresa *Cepillos Mariño, S.L.*, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Artigo 2º.—Ámbito funcional.

O convenio vincula á empresa *Cepillos Mariño, S.L.*, decidada á fabricación de brochas, pinceis, cepillos e similares.

Artigo 3º.—Ámbito persoal.

O convenio afectará á totalidade do persoal técnico, administrativo, subalterno e obreiro da industria afectada.

Artigo 4º.—Efectos económicos.

Independientemente da entrada en vigor do presente convenio, os efectos económicos comezarán a rexer a partir do día 1 de xaneiro de 1996.

Artigo 5º.—Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor ós oito días da súa sinatura e a súa duración será anual, prorrogándose anualmente, sempre que non exista ningunha denuncia das partes con tres meses de antelación.

Artigo 6º.—Rescisión e revisión.

O convenio poderá rescindirase mediante aviso previo formulado en tempo e forma cunha antelación dun mes á data de terminación da súa vixencia.

Artigo 7º.—Absorción.

Os aumentos concedidos polo presente convenio absorberán ós que, por imperativo legal, se impuxeran posteriormente, durante a vixencia deste.

Artigo 8º.—Salarios.

Todo o persoal afectado polo presente convenio percibirá desde o 1 de xaneiro de 1996 as retribucións consignadas na táboa anexa, incrementadas, se é o caso, co premio de antigüidade.

Artigo 9º.—Revisión salarial.

No caso de que o IPC rexistrase ó 31 de decembro de 1996 un incremento superior ó 6%, efectuarase unha revisión salarial en tódolos conceptos económicos do convenio tan pronto se constate oficialmente a dita circunstancia no anexo da indicada cifra. Tal incremento aboarase a partir do mes no que se produza o dito incremento.

Artigo 10º.—Pagamento de nóminas.

O pagamento de nóminas realizarase de forma mensual, non obstante, o persoal poderá solicitar, coa debida antelación, antecipos a conta de haberes devengados.

Artigo 11º.-Antigüidade.

O premio de antigüidade será calculado sobre o salario pactado neste convenio segundo establece a ordenanza laboral.

Artigo 12º.-Gratificacións extraordinarias.

Por este concepto os traballadores afectados por este convenio percibirán, incluída a antigüidade, os que a tivesen, 30 días de salario na paga extraordinaria do 24 de xullo e 30 días en Nadal.

Tamén percibirán unha paga extraordinaria de 23 días de acordo co fixado na vixente ordenanza laboral para as industrias de fabricación de brochas, pinceis e cepillos, que será aboada na data inmediatamente anterior á festa do patrono, que se celebra o 19 de marzo de cada ano.

Artigo 13º.-Vacacións.

O período de vacacións para todo o persoal afectado consistirá en 22 días laborables.

Artigo 14º.-Pezas de roupa de traballo.

As empresas facilitarán ós seus traballadores, as dúas pezas de roupa de traballo que determina a ordenanza laboral respectiva.

O incumprimento desta obriga dará lugar ó aboamento de 3.255 ptas. en compensación de cada peza de roupa non entregada.

Artigo 15º.-Plus de gastos de locomoción.

Establécese para todo o persoal da empresa afectada por este convenio un plus de locomoción ou distancia equivalente a 6.700 ptas. mensuais. Esta cantidade aboarase os 12 meses do ano.

Artigo 16º.-Plus de traballos tóxicos.

Haberá que aterse ó establecido polas ordenanzas laborais.

Artigo 17º.- Desgaste de ferramentas.

As empresas que non entregasen ós seus produtores as ferramentas necesarias para os seus traballos e fosen propiedade destes, aboaranse en compensación polo desgaste delas 110 ptas. por día traballado.

Artigo 18º.-Seguro de accidentes.

A partir do día 1 de xaneiro de 1996 as empresas afectadas por este convenio teñen a obriga de facer un seguro por accidente de traballo que cubrirá un capital de 500.000 ptas. en caso de morte e 1.000.000 de ptas., en caso de invalidez permanente, absoluta ou gran invalidez, sempre que se produza o accidente durante as horas de traballo.

Artigo 19º.-Xornada de traballo.

A xornada laboral máxima ordinaria será de 1.808 horas efectivas de traballo á ano.

Para efectos da distribución e cálculo da xornada anual anterior consideraranse como días non laborables o 24 e 31 de decembro de 1996.

Artigo 20º.-Condicións máis beneficiosas.

Tendo en conta a consideración de bases mínimas, serán respectadas as condicións máis beneficiosas que a empresa aceptase por aquel, tivera xa concedida ós seus respectivos produtores.

Artigo 21º.-Revisión médica.

As empresas solicitarán da mutua de accidentes ou da entidade que corresponda, unha revisión médica anual para tódolos produtores do seu cadro de persoal que disporán do tempo necesario para a realización dela.

Artigo 22º.-Contratacións.

Cando se celebren contratos, ó abeiro do artigo 15, apartado b) da Lei 11/1994, do 19 de maio, BOE nº 122 de data 23-5-1994, estes poderán ter unha duración máxima de 10 meses, continuos ou descontinuos, dentro de cada ano natural. Esta cláusula será de aplicación ós contratos que estean en vigor na data da sinatura do convenio.

Os contratos que se concertasen por unha duración inferior á máxima establecida, poderán prorrogarse, por acordo entre as partes, ata o dito límite máximo de duración.

Artigo 23º.-Comisión paritaria.

De acordo co establecido no artigo 85 do Estatuto dos traballadores créase unha comisión paritaria do convenio, que terá as funcións e fins regulados pola normativa vixente, a cal estará presidida polo presidente da comisión deliberadora dos traballadores por unha parte e do empresario pola outra, a súa designación recaerá sobre as mesmas persoas e en igual número de vocais titulares que foron nomeados para a negociación deste convenio.

Artigo 24º.-Partes asinantes.

As partes asinantes do presente convenio coa central sindical CC.OO.

Vilagarcía de Arousa, 14 de maio de 1996.

ANEXO

Táboa de salarios de cepillos, brochas e pinceis para 1996

Categorías	Táboa actual	Táboa anterior
I. Persoal administrativo:		
Xefe	89.819	86.619
Oficial de 1ª	85.943	82.743
Oficial de 2ª	82.853	79.290
Auxiliar	74.552	71.029
II. Persoal subalterno:		
Almaceneiro	78.545	75.345
Garda, vixilante ou ordenanza	78.290	75.090

Categorías	Táboa actual	Táboa anterior
III. Persoal produción:		
Encargado xeral	85.480	82.280
Encargado de sección	85.320	82.120
Oficial de 1ª	82.199	78.999
Oficial de 2ª	81.099	77.899
Conductor	82.199	78.999
Axudante	74.552	71.352
Mecánico	82.199	78.999
Viaxante	82.236	79.036
Limpadora (media xornada)	37.934	36.334
Limpadora (xornada completa)	74.369	71.169
IV. Aprendices		
Aprendiz de 1º y 2º ano	45.885	45.885
Aprendiz a partir do 3º ano	71.352	71.352

Os aprendices contratados mediante un contrato de aprendizaxe, percibirán o seu salario de acordo co salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, aplicándoselle a este o 70%, o 80% e o

90%, durante, respectivamente, o primeiro, segundo ou terceiro ano de vixencia do contrato. Non obstante o anterior, a retribución dos aprendices, menores de dezoito anos non poderá ser inferior ó 85% do salario mínimo interprofesional correspondente á súa idade.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Resolución do 22 de xullo de 1996 pola que se convoca un curso de verán sobre a reforma administrativa.

Advertido erro por omisión na citada resolución, publicada no DOG nº 149 do 31 de xullo de 1996, cómpre face-la seguinte corrección:

Publica-lo modelo de solicitude a que se refire a base sexta.

FOLLA DE INSCRICION

1. SOLICITANTE					
Apelidos		Nome			DNI
Enderezo particular:					
Rúa	Nº	Localidade	Provincia	CP	Telf.

2. DATOS PROFESIONAIS						
Posto de traballo/profesión			Corpo, subgrupo ou escala ¹		Nivel ²	
Entidade na que presta servicios ³ :						
Enderezo do posto de traballo:						
Rúa	Nº	Localidade	Provincia	CP	Telf.	Fax

3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
Solicita asistir ó curso de verán, que terá lugar no auditorio da Casa do Concello de Cambados, os días 6 e 7 de agosto de 1996.	
Sinatura	
..... de de 1996	

(1, 2 e 3): Cubrir soamente no caso de ser funcionario.

Sr. Director da EGAP: polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña)

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 24 de xuño de 1996, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 1/890/96, interposto por Javier Tovar Bobo.

Notificóuselle ó Servicio Galego de Saúde a providencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se reclama o expediente relativo ó recurso nº 1/890/96, interposto por Javier Tovar Bobo contra a Resolución do 24 de maio de 1996, deste centro directivo, pola que se declara a inadmisibilidade do recurso ordinario formulado contra os resultados do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo convocado por Resolución do 18 de maio de 1995 (DOG nº 99, do 25 de maio), para a categoría de auxiliar da función administrativa.

En consecuencia, esta dirección xeral acorda, de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei de regulamentadora da xurisdicción contencioso-administrativa, a remisión do citado expediente administrativo, o que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer en forma en autos na sección primeira da referida sala no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 1996.

Valeriano Martínez García
Director xeral de Recursos Humanos

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Resolución do 10 de xullo de 1996 pola que se nomea profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Economía Aplicada II, a María Consuelo Sáez Díaz.

De conformidade coa proposta elevada pola comisión designada para xulga-lo concurso convocado por resolución da universidade da Coruña do 3 de xullo de 1995 (BOE do 29 de xullo) para a provisión da praza número 95/037 de profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Economía Aplicada II desta universidade, a favor de María Consuelo Sáez Díaz, e unha vez acreditados pola interesada os requisitos a que alude o artigo 5.2º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que

a desenvolven, resolveu nomear a María Consuelo Sáez Díaz, profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Economía Aplicada II desta universidade.

A Coruña, 10 de xullo de 1996.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 11 de xullo de 1996 pola que se fai pública a designación das comisións que resolverán os concursos das prazas 1/1996 e dez máis de profesorado desta universidade convocadas por Resolución do 17 de xaneiro de 1996.

En cumprimento do disposto no artigo 6.8º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, modificada polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño, e unha vez designado os presidentes e vocais secretarios por esta universidade e celebrado o sorteo establecido no artigo 6.6º do dito real decreto, mediante o que foron designados polo Consello de Universidades os vocais correspondentes.

Este rectorado fai pública a composición das comisións que resolverán os concursos para a provisión de prazas de profesorado desta universidade, convocadas por resolución da Universidade de Vigo de data 17 de xaneiro de 1996 (BOE do 14 de febreiro de 1996) e que son as que se relacionan como anexos a esta resolución.

As ditas comisións deberanse constituír nun prazo non superior a catro meses, a contar desde a publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución os interesados poderán presentar reclamación perante o rector da universidade, nun prazo de quince días hábiles a partir do seguinte á súa publicación.

Vigo, 11 de xullo de 1996.

José Antonio Rodríguez Vázquez
Rector da Universidade de Vigo

ANEXO

-Praza de: profesores titulares de universidade.
Área de coñecemento: prospección e investigación mineira.

Praza número: 01/1996.

Comisión titular:

Presidente: Hermenegildo Mansilla Izquierdo, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocal secretaria: Trinidad J. de Torres Pérez Hidalgo, profesora titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocais: José Antonio Canas Torres, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

José Antonio Espi Rodríguez, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Josefina Samper Escalona, profesora titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid. Comisión suplente:

Presidente: Alfonso Maldonado Zamora, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocal secretario: Octavio Puche Riart, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocais: Fernando Vázquez Guzmán, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Manuel Viladevall Sole, profesor titular de universidade. Universidade de Barcelona.

Francisco Font Cistero, profesor titular de universidade. Universidade de Barcelona.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: tecnoloxías do medio ambiente.

Praza número: 02/1996.

Comisión titular:

Presidente: Juan Ruiz de la Torre, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocal secretario: José Antonio Rodríguez Barreal, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocais: Diego Sales Márquez, catedrático de universidade. Universidade de Cádiz.

Jon Mario Iza López, profesor titular de universidade. Universidade do País Vasco.

Alfredo Blanco Andray, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid. Comisión suplente:

Presidente: Aurelio Félix Hernández Muñoz, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocal secretario: Juan Ignacio Tejero y Monzón, catedrático de universidade. Universidade de Cantabria.

Vocais: Lucio Alonso Alonso, catedrático de universidade. Universidade do País Vasco.

Diego Mariano García de Jalón de la Lastra, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Carlos Morla Juaristi, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: filoloxía alemana.

Praza número: 03/1996.

Comisión titular:

Presidente: Carlos Buján López, catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocal secretaria: Veljka Ruzicka Kenfel, profesora titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: Francisco Javier Orduña Pizarro, catedrático de universidade. Universidade de Barcelona.

Saturnino Vicente Álvarez, profesor titular de universidade. Universidade de Valladolid.

Berta Raposo Fernández, profesora titular de universidade. Universidade de Valencia.

Comisión suplente:

Presidente: Feliciano Pérez Varas, catedrático de universidade, Universidade de Salamanca.

Vocal secretario: Jesús Varela Martínez, profesor titular de universidade. Universidade de Salamanca.

Vocais: Jorge Jane Carbo, catedrático de universidade. Universidade de Rovira i Virgili.

Jaime Cerrolaza Asenjo, profesor titular de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: tecnoloxía electrónica.

Praza número: 04/1996.

Comisión titular:

Presidente: Enrique Mandado Pérez, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Alfredo del Río Vázquez, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: José María Ferreiro Corral, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Valencia.

José Balcells Sendra, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Pere Joan Riu Costa, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Comisión suplente:

Presidente: Perfecto Mariño Espiñeira, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Alfonso Lago Ferrero, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: José Luis Marín Galán, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Valencia.

Fernando Yeves Gutiérrez, profesor titular de universidade. Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Pedro María Gilizco, profesor titular de universidade. Universidad Pública de Navarra.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: economía financeira e contabilidade.

Praza número: 05/1996.

Comisión titular:

Presidente: Juan José Durán Herrera, catedrático de universidade. Universidade Autónoma de Madrid.

Vocal secretaria: Irene Clara Pisón Fernández, catedrática de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: Carlos Mallo Rodríguez, catedrático de universidade. Universidade Carlos III de Madrid.

Tomás Miguel Pizarro Montero, profesor titular de universidade. Universidade Autónoma de Madrid.

José Antonio Gil Fana, profesor titular de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

Comisión suplente:

Presidente: Francisco Prieto Pérez, catedrático de universidade. Universidade Autónoma de Madrid.

Vocal secretaria: Asunción Ramos Stolle, profesora titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: José Luis Martín Marín, catedrático de universidade. Universidade de Sevilla.

Antonio Manuel Martínez Arias, profesor titular de universidade. Universidade de Oviedo.

José Sabate Gómez, profesor titular de universidade. Universidade de Barcelona.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: filoloxías galega e portuguesa.

Praza número: 06/1996.

Comisión titular:

Presidenta: M^a del Camino Noya Campos, catedrática de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Xosé Luis Regueira Fernández, profesor titular de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocais: Ramón Lorenzo Vázquez, catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Francisco Antonio Cidrás Escaneo, profesor titular de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

José Antonio Sabio Pinilla, profesor titular de universidade. Universidade de Granada.

Comisión suplente:

Presidente: José María Dobarro Paz, catedrático de universidade. Universidade da Coruña.

Vocal secretario: Ramón Mariño Paz, profesor titular de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocais: Ángel Marcos de Dios, catedrático de universidade. Universidade de Salamanca.

M. Sol Seruelo Núñez, profesora titular de universidade. Universidade de Oviedo.

Manuel Ferreiro Fernández, profesor titular de universidade. Universidade da Coruña.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: dereito mercantil.

Praza número: 07/1996.

Comisión titular:

Presidente: Carlos Fernández Novoa Rodríguez, catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocal secretario: José Antonio Gómez Segade, catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocais: Juan Luis Iglesias Prada, catedrático de universidade. Universidade Autónoma de Madrid.

M. Concepción Pablo-Romero Gil-Delgado, profesora titular de universidade. Universidade Pública de Navarra.

José María García-Moreno Gonzalo, profesor titular de universidade. Universidade de Burgos.

Comisión suplente:

Presidente: Manuel José Botana Agra, catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocal secretaria: M^a Encarnación Davila Millán, profesora titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: Rafael Illescas Ortiz, catedrático de universidade. Universidade Carlos III de Madrid.

María Carmen Madrenas Boadas, profesora titular de universidade. Universidade de Barcelona.

Miguel Ruiz Muñoz, profesor titular de universidade. Universidade Carlos III de Madrid.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: dereito mercantil.

Praza número: 08/1996.

Comisión titular:

Presidente: Ángel José Rojo Fernández-Río, catedrático de universidade. Universidade Autónoma de Madrid.

Vocal secretario: José María Garrido García, profesor de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: Manuel Ángel López Sánchez, catedrático de universidade. Universidade de Burgos.

Juan Ignacio Peinado Gracia, profesor titular de universidade. Universidade de Jaén.

Juan Gómez Calero, profesor titular de universidade. Universidade de Sevilla.

Comisión suplente:

Presidente: Luis Suárez-Llanos Gómez, catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Vocal secretario: Emilio José Beltrán Sánchez, catedrático de universidade. Universidade de Cantabria.

Vocais: Agustín Madrid Parra, catedrático de universidade. Universidade de Cádiz.

Vicente Mambrilla Rivera, profesor titular de universidade. Universidade de Valladolid.

Juan Ignacio Ruiz Peris, profesor titular de universidade. Universidade de Valencia.

-Praza de: profesores titulares de universidade. Área de coñecemento: ecoloxía.

Praza número: 09/1996.

Comisión titular:

Presidente: José Ángel Merino Ortega, catedrático de universidade. Universidade de Sevilla.

Vocal secretario: Rafael Villar Montero, profesor titular de universidade. Universidade de Córdoba.

Vocais: Jaime V. Rodríguez Martínez, catedrático de universidade. Universidade de Málaga.

Manuel Figueroa y Clemente, profesor titular de universidade. Universidade de Sevilla.

Antonio Torres Martínez, profesor titular de universidade. Universidade de Murcia.

Comisión suplente:

Presidente: Jaime Antonio Terradas Serra, catedrático de universidade. Universidade Autónoma de Barcelona.

Vocal secretario: Cástor Guisande González, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais: Francisco Díaz Pineda, catedrático de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

Miguel Ángel Casado González, profesor titular de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

Félix Diego López Figueroa, profesor titular de universidade. Universidade de Málaga.

-Praza de: profesores titulares de escola universitaria.

Área de coñecemento: enxeñería de sistemas e automática.

Praza número: 10/1996.

Comisión titular:

Presidente: Alfonso José García Cerezo, catedrático de universidade. Universidade de Málaga.

Vocal secretario: José Antonio Rajoy González, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Vigo.

Vocais: Alfonso Fernández Díaz, catedrático de escola universitaria. Universidade Politécnica de Madrid.

Fermín Coll Casals, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Girona.

Carmen Santos Guerrero, profesora titular de escola universitaria. Universidade Politécnica de Madrid.

Comisión suplente:

Presidente: Aníbal Ollero Baturone, catedrático de universidade. Universidade de Sevilla.

Vocal secretario: Antonio Manzanedo García, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Vigo.

Vocais: Manuel Pérez Polo, catedrático de escola universitaria. Universidade de Alacante.

María Rosa Argelaguet Isanta, profesora titular de escola universitaria. Universidade Politécnica de Cataluña.

Pedro Garcés Miguel, profesor titular de escola universitaria. Universidade Rovira I Virgili.

-Praza de: profesores titulares de escola universitaria.

Área de coñecemento: enxeñería de sistemas e automática.

Praza número: 11/1996.

Comisión titular:

Presidente: Aníbal Ollero Baturone, catedrático de universidade. Universidade de Sevilla.

Vocal secretario: Celso Fernández Silva, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Vigo.

Vocais: José María Fernández Meroño, catedrático de escola universitaria. Universidade de Murcia.

M. Belén Curto Diego, profesora titular de escola universitaria. Universidade de Salamanca.

José Santos Reyes, profesor titular de escola universitaria. Universidade da Coruña.

Comisión suplente:

Presidente: Alfonso José García Cerezo, catedrático de universidade. Universidade de Málaga.

Vocal secretario: José Luis Camaño Portela, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Vigo.

Vocais: Javier Pérez Turiel, catedrático de escola universitaria. Universidade de Valladolid.

Santiago Arnalte Gómez, profesor titular de escola universitaria. Universidade Politécnica de Madrid.

Guillermo Luis García Anduaga, profesor titular de escola universitaria. Universidade do País Vasco.

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 11 de xullo de 1996, da Delegación Territorial de Lugo, pola que se anuncia o extravío do resguardo do depósito en valores para os efectos de expedición de duplicado.

En cumprimento do disposto no artigo 36 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, faise público para xeral coñecemento o extravío do resguardo do depósito constituído en valores o día 26-3-1996, nº de rexistro 349/1996 por importe de 9.9919.886 ptas., garantindo a *Embutidos Rivera-Tapas, S.L.* e á disposición da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, Delegación de Lugo.

Se transcorrido o prazo de dous meses, contado a partir da data de publicación deste anuncio, non se presentase o resguardo por ningunha persoa ou entidade, procederá sen máis trámite á expedición de duplicado ó seu lexítimo propietario ou representante legal suficientemente acreditado, declarándose nese mesmo acto a nulidade do exemplar orixinal, extraviado, o que non terá ningún valor nin poderá producir efectos.

Lugo, 11 de xullo de 1996.

P.A.

Manuel Amiama Valcarce
Delegado territorial de Lugo

Corrección de erros.—Cédula do 23 de febreiro de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican aumentos de base impositiva ditados polo Servicio de Xestión Tributaria, referente ós conceptos e contribuíntes que se citan (Abal Valverde Carlos Javier e sesenta e nove máis).

Advertidos erros no texto da citada cédula, publicada no DOG nº 64 do 29 de marzo de 1996, cómpre face-la seguinte rectificación, na páxina 2.965, bloque 1º, columna 1ª, liña 2ª onde di: «*Alcarmen S.L. R/Colón 34 1º A 11.592.000 Exp.64/92*» debe dicir: «*Alcarmen S.L. C/Colón 34 1º A 11.592.000 Exp.647/92*». Na Páxina 2.965 bloque 1º, columna

1ª, liña 4 onde di: «Areal Gonzalez Alejandro» debe dicir: «Areal González Alejandro en representación de Francisco Fermín Rial Costas e dous máis». Na páxina 2.965 bloque 2º, columna 1ª, liña 9 onde di «Cota Fernández Manuel» debe dicir: «Cota Fernández Manuel en representación de María Fernández e dous máis». Na páxina 2965, bloque 2º, columna 1ª, liña 25 onde di: «Godoy Labrador Isaac» debe dicir: «Godoy Labrador Isaac en representación de María Fernández e outro». Na páxina 2.966, bloque 1º, columna 1ª, liña 20 onde di: «Vicente García Dolores», debe dicir: «Vicente García Dolores en representación de Enriqueta García e outra».

Cédula do 10 de xuño de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican liquidacións dadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativo ós contribuíntes que se citan (Álvarez González José Ramón e seis máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícanse as liquidacións relativas ós contribuíntes e conceptos co último domicilio coñecido o que se indica e que foron dadas polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación do artigo 14.7º do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Os prazos para efectuar o pagamento da débeda contraída son os sinalados no artigo 20 do Regulamento de recadación aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín nº 2 ou o de reposición ante o Servicio de Xestión Tributaria de esta delegación territorial, Praza de Compostela nº 26-Vigo, ambos no prazo de quince días contados a partir do seguinte á data de publicación desta cédula.

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Álvarez González Jose Ramón	Vázquez Varela 50 7º Vigo	53.890 304.039	T-20035/95 D-20071/95 Exp.1887/90
Ledo Garrido M. Carmen	Travesía Vigo 77 5º Vigo	243.770	D-20142/95 Exp.2790/91
Martínez López Juana	Eugenio Kraf 30 8-C Vigo	302.760	D-20274/95 Exp. 15001/91
Martínez Martínez M. Luisa	Sanjurjo Badía 222 1-A Vigo	387.358	D-20168/95 Exp. 14857/89
Morales Jaureguiberri M. Carmen	Pi y Margall 70 3-D Vigo	449.556	D-20124/95 Exp. 13929/90
Vázquez Rodríguez Aurea	Vía Norte 24 4º Vigo	124.551	D-20281/95 Exp. 17356/91
Veiga Rodríguez Juan Manuel	Travesía Vigo 77 5º Vigo	243.770	D-20141/95 Exp. 2790/91

Vigo, 10 de xuño de 1996.

Pedro Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

Cédula do 10 de xuño de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican aumentos de base imponible, dictados polo Servicio de Xestión Tributaria, referente ós conceptos e contribuíntes que se citan (Abella Pérez Secundino e trinta máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícanse os aumentos de base imponible que resultan da comprobación de valores efectuada polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación do artigo 46 do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e que afectan ós contribuíntes cos datos e último domicilio coñecido que se sinala.

A diferencia de valor respecto do declarado resulta de utiliza-los medios de comprobación previstos no artigo 52 da Lei xeral tributaria, sendo de aplicación, o artigo 14.7º do citado texto refundido da Lei do imposto sobre T.P. e AXD.

Contra a presente notificación poderá interpoñer-se os seguintes recursos: reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín nº 2, ou de reposición ante

o Servicio de Xestión Tributaria de esta Delegación Territorial, Praza de Compostela nº 26 Vigo, ambos no prazo de quince días contados desde o seguinte á data de publicación desta cédula. Así mesmo, e no mesmo prazo, de non estar conformes coa valoración practicada, poderá solicita-la práctica de taxación pericial contradictoria. Se se interpón a reclamación económico-administrativa, deberá xustificalo ante esta oficina liquidadora, de non facelo así, cursarase a liquidación sobre o valor comprobado.

Contribuínte	Enderezo	Concepto	Base
Abella Pérez Secundino	Pintor Laxeiro 11 3-C Vigo	TPAJD Exp. 9939/93A	18.087.300
Albir Vallina Remigio	Castelao 64 7-B Vigo	TPAJD Exp. 18890/92T	8.826.768
Álvarez Rial Ferderico-Carlos	Urzaiz 29 4º Vigo	TPAJD Exp. 13971/92T	55.776.000
Ballesteros Ballesteros Antonio	Castelao 28 2-D Vigo	TPAJD Exp. 10288/93T	66.150.000
<i>Construcciones Gulsa S.A.</i>	López Mora 5 Vigo	TPAJD Exp. 993/93T	9.941.067
Costa González Dámaso	Gregorio Espino 34 3-B Vigo	TPAJD Exp. 17445/92T	8.476.728
Cuesta Ablanedo Adrián	Bolivia 9 4-I Vigo	TPAJD Exp. 4276/93A	16.163.810
Cuesta Fernández Gonzalo	Bolivia 9 4-I Vigo	TPAJD Exp. 4276/93T	16.163.810
Curro Carrera Avelino	Chapela Igrexa 64 Redondela	TPAJD Exp.3922/93A	4.648.000
Domínguez Rodríguez Santiago	Castelao 14 2-A Vigo	TPAJD Exp. 14067/92T	8.579.947
Familia Modesto Rodríguez Barreiro	Bº Carballedal Senín 5 Cabral Vigo	TPAJD Exp. 18499/92T	4.260.000
Freire Vázquez Águeda María	Cantón Pequeno 15-17 A Coruña	TPAJD Exp.3838/93T	30.252.546
González Álvarez José	Llorente 34 2º Vigo	TPAJD Exp. 18777/92A	3.838.725
González Fernández Nieves	Bº Rans, S. Pedro Ramallosa Nigrán	TPAJD Exp.10618/93T	18.314.400
González Pérez Francisco Representante <i>Granitos Aviaco S.A.</i>	Naya Lavadores 174 Vigo	TPAJD Exp. 12980/92T	9.376.000
González Sobrino José Miguel	Camelias 126 7-C Vigo	TPAJD Exp. 21510/92T	7.501.600
González Sobrino Julio	Camelias 126 7-C Vigo	TPAJD Exp. 21510/92T	7.501.600
Iglesias Sánchez José Luis	Salvador Allende 6 7-A Vigo	TPAJD Exp. 19895/92T	9.607.550
Lomba Sanromán Felicidad M.	Tarragona 12 5-A Vigo	TPAJD Exp. 21033/92T	8.221.800

Contribuínte	Enderezo	Concepto	Base
Lorenzo Pousa Fulgencio	Velázquez Moreno 2 6–C Vigo	TPAJD Exp. 20385/92A	40.231.500
Martínez Arias Salustiano	Freixeiro Ponte Nova 33 Vigo	TPAJD Exp. 10046/92T	13.208.750
Orge Rodríguez Emilio	Brasil 46 Vigo	TPAJD Exp. 1939/93A	44.176.560
Pereira Álvarez Guillermo	Pi y Margall 84 2–G Vigo	TPAJD Exp. 220/93A	21.600.000
Pérez Millos Elisa	Urzaiz 96 4º Esqda Vigo	TPAJD Exp. 1764/93T	8.947.756
Poyán Cerecedo Carlos F.	Camelias 101 7–A Vigo	TPAJD Exp. 2158/93A	12.895.000
Rivera López Antonio	Torrecedeira 50 2–B	TPAJD Exp. 8214/92T	9.941.060
Rodríguez Ramos Manuel David	Quintela 25 5–H Vigo	TPAJD Exp. 3343/92T	3.747.309
Rodríguez Vázquez Fernando	Subida cemiterio Teis 20 Verín	TPAJD Exp. 1939/93T	44.176.560
Sancho Álvarez Luis	Av. Sousas 126 Vigo	TPAJD Exp.10694/93T	4.233.600
Tapias Presa Joaquín José	Torrecedeira 80 4–A Vigo	TPAJD Exp. 20958/92A	15.963.750
Vila Estévez Lourdes	Louredo 33 Mos	TPAJD Exp.18002/92T	5.252.220

Vigo, 10 de xuño de 1996.

Pedro Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

Cédula do 10 de xuño de 1996, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se notifican comprobación de valores e liquidacións dictadas polo Servicio de Xestión Tributaria, relativo ós contribuíntes que se citan (Alonso Barreiro María e doce máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícanse os acordos de comprobación de valores e liquidacións complementarias relativas ós contribuíntes e conceptos cos datos e último domicilio coñecido que se indica e que foron dictados polo Servicio de Xestión Tributaria en aplicación do artigo 46.1º do Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Os prazos para efectuar o pagamento da débeda contraída son os sinalados no artigo 20 do Regulamento de recadación aprobados polo R.D. 1684/1990, de 20 de decembro, os medios de pagamento establécense nos artigos 23 e seguintes do citado Regulamento de recadación.

Os recursos que se poden interpoñer son: reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, Secretaría Delegada de Vigo, r/ Lalín nº 2, ou o de reposición ante o Servicio de Xestión Tributaria desta Delegación Territorial, Praza de Compostela nº 26 Vigo, ámbolos dous no prazo de 15 días contados desde o seguinte á data de publicación desta cédula. Así mesmo, no mesmo prazo e en corrección dos resultados de comprobación de valores promove-la práctica de taxación pericial contradictoria, o que determinaría a suspensión da liquidación e dos prazos de reclamación contra ela.

Contribuínte	Enderezo	Contía	Concepto
Alonso Barreiro María	Foxo Valladares 2 Vigo	454.880	TPAJD D-20031/95 Exp. 14590/91
Caeiro Dapena José Luis	Travesía Vigo 183 2-D Vigo	1.730.624	TPAJD T-238/96 Exp. 6681/90
Castro Blanco Luis Felipe	Barcelona 79 Vigo	24.220	TPAJD T-1878/95 Exp. 6515/94
De los Reyes Pinzas Miguel M.	Ramon y Cajal 14 3-C Vigo	43.563	TPAJD J-270/96 Exp. 7406/92
Do Campo Piñeiro Gonzalo	Cabreira 63 Ramallosa Nigrán	40.949	TPAJD J-3983/95 Exp. 16426/93
Estévez Fontán Carolina	Praza Xeneralísimo 2 Covelo Ponteareas	20.716	TPAJD J-3559/93 Exp. 2124/91
Fernández Comesaña Jaime	Manuel de Castro 12 2º Vigo	100.739	TPAJD T-2691/95 Exp. 9380/94
García Pérez José Antonio	Estrada Camposancos 534 Vigo	43.395 3.620	TPAJD T-3966/95 TPAJD J-3967/95 Exp.6437/93
Pérez Pérez José Eulogio	Aragón 199 Casa Vigo	10.158	TPAJD J-451/95 Exp. 18025/93
Piñeiro Orge Aurora	Colón 20 1º Vigo	9.300	TPAJD J-3388/95 Exp. 12337/94
<i>Profetur S.A.</i>	Barquillo 20 Madrid	3.519.613	TPAJD T-1903/95 Exp.9156/89
Rodríguez Fernández Vicente	Travesía Vigo 196 5-I Vigo	29.556	TPAJD T-1848/95 Exp. 4229/91
Rodríguez Rodríguez Daniel	Concordia 8 Tui	47.274	TPAJD T-194/96 Exp.7611/94

Vigo, 10 de xuño de 1996.

Pedro Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 26 de xullo de 1996 pola que se anuncia a licitación do concurso polo procedemento aberto, trámite de urxencia, das asistencias técnicas de clave N/AC/96.1, N/PO/89.3.1, N/AC/87.8.1, N/PO/91.4.2.2.

A) Asistencia técnica.

1. Asistencia técnica redacción do proxecto de acondicionamento da estrada AC-400. Treito: Sigrás-Celas.

Clave: N/AC/96.1.

Orzamento: seis millóns novecentas trinta e cinco mil cento trinta pesetas (6.935.130).

Prazo de execución: 6 meses.

Clasificación: grupo II, subgrupo 3, categoría a.

2. Asistencia técnica para a redacción do proxecto de acondicionamento da estrada PO-351. Treito: Couso-Tomiño.

Clave: N/PO/89.3.1.

Orzamento: catorce millóns duascenas corenta mil duascenas seis pesetas (14.240.206).

Prazo de execución: 8 meses.

Clasificación: grupo II, subgrupo 3, categoría a.

3. Asistencia técnica para a redacción proxecto da vía rápida Padrón-Ribeira. Treito: Padrón-Vacariza.

Clave: N/AC/87.8.1.

Orzamento: catorce millóns cento trece mil duascenas dez pesetas (14.113.210).

Prazo de execución: 8 meses.

Clasificación: grupo II, subgrupo 3, categoría a.

4. Asistencia técnica para a redacción do estudio informativo, cartografía e estudio do impacto ambiental da nova estrada variante de Forcarei.

Clave: N/PO/91.4.2.2.

Orzamento: dez millóns cento vinteunha mil noventa e tres pesetas (10.121.093).

Prazo de execución: 10 meses.

Clasificación: grupo I, subgrupo 1, categoría a.

B) Documentos de interese para os licitadores.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

Solicitante: *Electra del Narahío, S.A.*

Enderezo social: Vista Alegre-Doso-Narón, 15577 Narón..

Denominación: L.M.T. e C.T. Prados II.

Situación: Prados-Narón.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea a 15/20 kV, de 813 m de lonxitude, en conductor LA-56, que parte da L.M.T. a C.T. Prados I (Expte. 51.473) e remate no C.T. que se vai construír en Prados II de 100 kVA, a 15/20 kV-B.2. Concello de Narón.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolveu,

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

A Coruña, 21 de xuño de 1996.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 21 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/47-1).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Enderezo social: Severo Ochoa, 2, 15008 A Coruña.

Denominación: L.M.T., D.C. Meirama-Lesta-Ordes.

Situación: Cerceda-Ordes.

Características técnicas: liñas eléctricas aéreo-subterráneas de media tensión, a 20 kV, sobre apoios metálicos e de formigón ou baixo tubo das seguintes características:

-Tramo en triple circuíto aéreo sobre apoios metálicos e con conductor LA-110, de 142 m de lonxitude, con orixe na subestación de Meirama e final no apoio nº 2 de onde partirá un circuíto denominado Meirama-Salgueira.

-Tramo en dobre circuíto aéreo sobre apoios metálicos e de formigón, con conductor LA-110, de 5.655 m de lonxitude, con orixe no apoios nº 46 da anterior liña e final no apoio nº 79.

-Tramo de simple circuíto aéreo sobre apoios metálicos e de formigón, con conductor LA-110, de 959 m de lonxitude, con orixe no apoio nº 79 da liña anterior e final no C.T. Lesta.

-Tramo en simple circuíto subterráneo, baixo tubo e con conductor R.H.V. 12/20 kV de $3(1 \times 150)$ mm² Al, de 171 m de lonxitude con orixe no apoio nº 79 da liña descrita Meirama-Lesta-Ordes e final na arqueta da liña subterránea existente que alimenta o C.T. Campo da Feira de Ordes, concellos de Cerceda e Ordes.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de trinta días.

A Coruña, 21 de xuño de 1996.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 21 de xuño de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número IN407A 96/72-1).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Enderezo social: r/ Severo Ochoa, 2, 15008 A Coruña.

Denominación: modificado I, L.M.T. e CC.TT. Polig. Indust. A Tomada.

Situación: A Pobra do Caramiñal.

Características técnicas: liña eléctrica aero-subterránea de media tensión, a 20 kV, sobre apoios metálicos e de formigón na súa parte aérea e baixo tubo na subterránea, con conductores respectivos LA-56 e R.H.V. 12/20 kV de $3(1 \times 95)$ mm² Al, de 1.221 m de lonxitude e 98 m de lonxitude respectivamente, con orixe na liña Palmeira-A Pobra (Expte. 52.282) e final nos centros de transformación a instalar no polígono industrial da Tomada.

4 centros de transformación en casetas prefabricadas de formigón, de 630 kVA c/u a tensións de 20/0,380-0,220 kV, equipados con celas de protección de liñas e de protección do transformador. Concello da Pobra do Caramiñal.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de trinta días.

A Coruña, 21 de xuño de 1996.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial da Coruña

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Corrección de erros.-Resolución do 28 de xuño de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se fai pública a convocatoria de poxa para o alleamento das madeiras que se citan.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG nº 144, do martes 23 de xullo de 1996, cómpre efectua-la oportuna corrección:

Na páxina 7.135 aparece:

«EXPTE: 36.126
MONTE: CASTROVE
COMUNIDADE: SAN XOÁN
CONCELLO: POIO

ESP.1: P.sp.
Nº PÉS.1: 118
VOL.1: 207»

O dito lote non entra na poxa polo que queda anulado, manténdose inalterable a resolución para o resto dos actos refundidos.

Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, de notificación de incoación dos expedientes sancionadores de epizootias LU-164/1996 e 230/1996.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ó denunciado, cos datos persoais e último enderezo coñecido que se sinala a continuación, a notificación de incoación do correspondente expediente sancionador polo delegado provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de Lugo.

Noméase instructor do procedemento a Mauricio Alonso Troncoso e secretaria a M^a Jesús Fernández Martínez, funcionarios desta delegación provincial. A resolución será acordada polo delegado provincial desta consellería.

O denunciado disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta cédula para que poida examinalo expediente nesta delegación provincial, sita na Ronda da Muralla, 197, a presenta-lo descargo e documentos que considere convenientes na súa defensa, así como para a recusación das persoas designadas como instructor e secretario en calquera momento da tramitación do expediente.

O pagamento voluntario porá fin ó expediente. Para efectualo deberá emprega-los impresos normalizados que lle serán facilitados nesta delegación provincial, sita na Ronda da Muralla, 197-Lugo.

Lugo, 9 de xullo de 1996.

José Ramón Molinero Senovilla
Delegado provincial de Lugo

ANEXO

-Expediente: LU-164/1996.
Denunciado: Julio Rodríguez Rojo.
DNI nº: 34.242.780.
Último enderezo coñecido: Ronda do Carme, p-2-5ºb, Lugo.
Feito denunciado: introducir no mercado gandeiro de Rubián (Bóveda) un animal bovino sen identificar.
Precepto infrinxido: artigos 5 e 6 do RD 205/1996 e 7 do Decreto 355/1994.
Precepto sancionador: artigo 224 do regulamento da Lei de epizootias.

Sanción posible: de 2.500 a 100.000 pesetas.
Instructor: Mauricio Alonso Troncoso.

-Expediente: LU-230/1996.

Denunciado: Antonio Conde Martínez.
DNI nº: 34.649.670.

Último enderezo coñecido: Regueiro Fozado, 22, Ourense.

Feito denunciado: atoparse no recinto feiral de Monterroso mercando gando sen te-lo carné de tratante.
Precepto infrinxido: artigos 65, 195 e 196 do Regulamento da Lei de epizootias.

Precepto sancionador: artigo 213 do regulamento da Lei de epizootias.

Sanción posible: de 1.000 a 50.000 pesetas.
Instructor: Mauricio Alonso Troncoso.

Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, de notificación da resolución formulada no expediente sancionador de epizootias LU-246/1995, devolta polo servizo de correos por atoparse ausente nas horas de reparto o seu destinatario.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ó denunciado, cos datos persoais e último enderezo coñecido que se sinala a continuación, a resolución do correspondente expediente sancionador polo delegado provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de Lugo, contra a que poderá interpoñer recurso ordinario ante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó desta publicación.

En caso de conformidade con esta resolución, o pagamento da sanción deberase facer efectiva no prazo de quince (15) días mediante transferencia bancaria a favor do Tesouro de Facenda Galega; conta restrinxida de recadación de multas e sancións:

Nº 311-152-116/7-Caixa Galicia, oficina principal Lugo.

Lugo, 9 de xullo de 1996.

José Ramón Molinero Senovilla
Delegado Provincial de Lugo

ANEXO

Expediente: LU-246/1995.
Denunciado: Faustino Jiménez Jiménez.
DNI nº: 32.310.548.
Último enderezo coñecido: rúa Covadonga p.1 fase 3ª v.1, Ourense.
Feito imputado: transporte de animais no camión matrícula OR-3484-E, sen te-lo rexistrado para este fin e carecer de guía de orixe e sanidade pecuaria.

Tipificación da infracción Regulamento de epizootias:

- Precepto infrinxido: artigos 52 e 32.
- Precepto sancionador: artigos 215 e 212.
- Sanción imposta: 25.000.

Cédula do 10 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, de notificación de proposta de resolución formulada no expediente sancionador de epizootias LU-187/1996, devolto polo servizo de correos por resultar descoñecido o seu destinatario.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícasele ó denunciado, cos datos persoais e último enderezo coñecido sinalados, que con esta data se formula a correspondente proposta de resolución no expediente sancionador que se instrúe por infracción á Lei de epizootias de 1952 e o seu regulamento de 1955 (modificado polo RD 1665/1976, do 7 de maio).

O denunciado disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta cédula para que poida alegar canto considere conveniente na súa defensa.

Lugo, 10 de xullo de 1996.

José Ramón Molinero Senovilla
Delegado provincial de Lugo

ANEXO

Expediente: LU-187/1996.

Denunciado: Cooperativa de Matadoiro de Aves Rías Baixas S. Coop.

Último enderezo coñecido: rúa Pazos-Xil, s/n, Meañ (Pontevedra).

Feito denunciado: transporte de animais no camión matrícula PO-1071-AP, sen te-lo rexistrado para este fin.

Tipificación da infracción Regulamento de epizootias: 215.

Sanción proposta: 25.000.

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

Orde do 11 de xullo de 1996 pola que se aproba o cambio de dominio dunha batea de cultivo de mexillón denominada Romero, a favor de Vicente Pérez Dieste e Eladina Barreiro Freire.

Visto o expediente de cambio de dominio que a continuación se menciona, instruído para efectos da transmisión da concesión administrativa pertinente e do establecemento que a ampara; tendo

en conta que o interesado obtivo a autorización previa prevista no artigo 59 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (DOG nº 101 do 31 de maio de 1993), e que foi acreditada a transmisión de dereitos invocada e aboado o imposto correspondente.

Esta consellería en virtude das atribucións conferidas, á vista do informe do Servizo Xurídico de Planificación, acordou acceder ó solicitado, proclamando a nova titularidade da concesión e do establecemento que se relaciona a continuación:

Denominación da batea: Romero.

Cultivo: mexillón.

Localización: Caramiñal D, cuadrícula nº 54.

Data da concesión: 10-1-1968.

Data do remate da última prórroga: 22-1-1998.

Anterior concesionario: Flora Dieste Saborido e Ricardo Pérez Romero.

Novo titular da concesión e batea: Vicente Pérez Dieste y Eladina Barreiro Freire.

O novo titular queda subrogado nos mesmos dereitos e obrigas do anterior concesionario, así como obrigado ó cumprimento das disposicións legais vixentes que lle sexan aplicables e de rango suficiente.

A Coruña, 11 de xullo de 1996.

P.D. (Orde do 27-6-1990)
Jesús Espada Martínez
Delegado Territorial da Coruña

Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de propostas de resolución de expedientes sancionadores (C-1819/95 e C-1822/95).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285 do 27-11-1992), notifícaseles ás persoas que se citan a continuación, a proposta de resolución dos expedientes instruídos por infraccións da Lei 6/1991, do 15 de maio (DOG nº 99, do 27 de maio e BOE do 30 de setembro), de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

Os ditos interesados dispoñen dun prazo de oito días contados a partir do seguinte á publicación desta cédula, para poderen examina-los expedientes na Delegación Comarcal da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Ferrol (Praza de España, 2-2º), e presentar ante a citada delegación as alegacións que consideren pertinentes, conforme o disposto no artigo 16.4º da Lei 6/1992, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

Nº de expediente: C-1819/95.
Denunciado: Constantino Pinto Villarente.
Enderezo: Avda. Hércules, 105, 7º D, A Coruña.

Nº de expediente: C-1822/95.
Denunciado: Agustín Penedo Pampín.
Enderezo: r/ Calvo Sotelo, 10-2º Esq., Guitiriz.

A Coruña, 9 de xullo de 1996.

Jesús Espada Martínez
Delegado territorial da Coruña

Cédula do 9 de xullo de 1996, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de prego de cargos en expedientes sancionadores (C-641/96 e dous máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que se relacionan a continuación o prego de cargos en expedientes sancionadores, instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio (DOG nº 99, do 27 de maio e BOE do 30 de setembro), sobre infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

Os ditos interesados dispoñen do prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da presente cédula, para poderen examina-los expedientes na Delegación Comarcal da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Ferrol (Praza de España, 2-2º), e presentar perante a dita delegación as alegacións que consideren pertinentes conforme o disposto no artigo 16.4º da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

Nº de expediente: C-641/96
Denunciado: José Luís Planas Besteiro.
Enderezo: Avda. Galicia, 17, Mugardos.

Nº de expediente: C-677/96
Denunciado: Ramiro Fernández Vigo.
Enderezo: rúa Nova de Caranza, 111-113-1º Esq., Ferrol.

Nº de expediente: C-726/96
Denunciado: Javier Francisco Pérez Gallego.
Enderezo: Choupo, 6 baixo Esq., Ferrol.

A Coruña, 9 de xullo de 1996.

Jesús Espada Martínez
Delegado territorial da Coruña

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Resolución do 22 de xullo de 1996 pola que se anuncia concurso público para a contratación da subministración consistente na adquisición da rede informática con destino ó CES-Galicia.

En cumprimento da legalidade vixente, anúnciase concurso público aberto para a contratación polo Consejo Económico y Social de Galicia (CES-Galicia) da subministración e instalación a rede informática.

1. Entidade contratante: Consejo Económico y Social de Galicia (CES-Galicia), r/ Algalia de Abaixo, 24, 15704 Santiago de Compostela, teléfono (981) 57 65 28, fax (981) 57 65 26.

2. Modalidade de adxudicación: concurso público aberto.

3. Obxecto do contrato: subministración dunha rede informática.

4. Orzamento máximo de licitación: 3.192.204 (IVE incluído).

5. Adxudicación: realizarase pola totalidade da rede informática e conforme co disposto no prego de cláusulas particulares.

6. Documentación de interese para os licitadores: os pregos de cláusulas administrativas particulares e os de prescricións técnicas estarán de manifesto na sede do CES-Galicia, sita en r/ Algalia de Abaixo, 24, Santiago de Compostela (A Coruña).

7.a) Data límite de recepción de ofertas: o prazo de admisión finalizará ás catorce horas do vigésimosétimo día hábil seguinte á publicación do anuncio de concurso no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidir en sábado o prazo, entenderase prorrogado ata as 14 horas do seguinte día hábil.

b) Lugar de presentación das proposicións: no CES-Galicia ou por correo dentro do prazo de admisión sinalado.

8. Apertura proposicións: en acto público ás 10 horas do 9 de setembro de 1996 na sede do CES-Galicia.

9. Fianza provisional: exenta.

10. Fianza definitiva: 4% do orzamento de licitación.

11. Documentos que deben aporta-los licitadores: os idnicados no prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Criterios de adxudicación: os establecidos no prego de cláusulas administrativas do concurso.

13. Outras informacións: os gastos dos anuncios serán por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 1996.

Luis Suárez-Llanos Gómez
Presidente do Consello Económico e Social de Galicia

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 26 de xuño de 1996, da Dirección Xeral de Recursos Económicos, pola que se anuncia contratación polo sistema de concurso público e procedemento aberto para a redacción do proxecto básico e de execución do acondicionamento para unidade de atención primaria (UAP) e PAC no antigo Hospital Militar da Coruña.

-Obxecto: redacción do proxecto básico e de execución.

-Obra: acondicionamento para unidade de atención primaria (UAP) e PAC no antigo Hospital Militar da Coruña.

-Orzamento da contrata: 5.349.456 ptas.

-Prazo de execución: 3 meses.

-Clasificación do contratista: non se esixe.

-Fianza definitiva: non se esixe.

-Forma de tramitación: ordinaria.

Exposición da documentación: poderá examinarse na Dirección Xeral de Recursos Económicos, (Subdirección Xeral de Investimentos) edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, en días hábiles de 9 a 14 horas.

Prazo de presentación de proposicións: deberán presentarse en man, no rexistro xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais/Sergas, antes das 14 horas do vixésimo sexto día natural a partir da publicación do concurso no *Diario Oficial de Galicia* ou por correo na forma indicada no Art. 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

Documentación que deberán presenta-los licitadores: os licitadores presentarán en sobre pechado e asinado, a solicitude para participar, así como a documentación persoal e referencias técnicas, descritas no punto 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación nas dependencias da Dirección Xeral de Recursos Económicos, a partir das 10 horas do décimo primeiro día natural seguinte ó peche do prazo de admisión de ofertas.

No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

Anuncios: os anuncios do presente concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 1996.

P.D. (Decreto 64/1996, do 15 de febreiro)
Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Director xeral de Recursos Económicos

Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público número 27/1996 para a contratación da subministración sucesiva de material de laboratorio para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme ó establecido no artigo 7 da Orde do 15 de setembro de 1994 (DOG do 3 de outubro) da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, convoca o seguinte concurso público:

I.-Obxecto e orzamento: a contratación da subministración sucesiva de material de laboratorio para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela por un importe total máximo de 11.797.700 ptas. IVE incluído.

II.-Prazo de execución: a duración do contrato será desde o día seguinte a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 1996.

III.-Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria pode ser solicitada no rexistro xeral do hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706 Santiago de Compostela, en días laborables desde as 9 ata as 14 horas.

IV.-Fianzas:

a) Provisional: 2% do orzamento de licitación.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

Constituiranse segundo o disposto nos artigos 36 e 37, respectivamente, da Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas.

V.-Clasificación: non se esixe.

VI.-Presentación de proposicións: as proposicións deberán presentarse en man, en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral do hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706, Santiago de Compostela, antes das 14 horas do viséximos sexto día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no DOG, ou por correo no xeito indicado no apartado 10 do prego de cláusulas administrativas particulares.

VII.-Apertura de proposicións: a apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas do hospital de Conxo ás 10 horas do decimo primeiro día natural contado a partir do seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de ofertas; no caso de que dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

VIII.—Documentación que deberán aportar os licitadores: a documentación que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

IX.—Anuncios: os anuncios do presente concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 1996.

Ignacio Martínez González

Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela

Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público para a contratación da subministración dun equipo automático de tórax para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario (expediente número 25/1996).

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme ó establecido no artigo 7 da Orde do 15 de setembro de 1994 (DOG do 3 de outubro) da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, convoca o seguinte concurso público:

I.—Obxecto e orzamento: a contratación da subministración dun equipo automático de tórax para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela por un importe total máximo de 23.000.000 de ptas. (vintetrés millóns de pesetas) IVE incluído.

II.—Prazo de execución: a duración do contrato será desde o día seguinte a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 1996.

III.—Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria pode ser solicitada no rexistro xeral do hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706 Santiago de Compostela, en días laborables desde as 9 ata as 14 horas.

IV.—Fianzas:

a) Provisional: 2% do orzamento de licitación.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

Constituiranse segundo o disposto nos artigos 36 e 37, respectivamente, da Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas.

V.—Clasificación: non se esixe.

VI.—Presentación de proposicións: as proposicións deberán presentarse en man, en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral do hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706, Santiago de Compostela, antes das 14 horas do viséximosexto día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta

resolución no DOG, ou por correo no xeito indicado no apartado 10 do prego de cláusulas administrativas particulares.

VII.—Apertura de proposicións: a apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas do hospital de Conxo ás 10 horas do decimoprimeiro día natural contado a partir do seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de ofertas; no caso de que dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

VIII.—Documentación que deberán aportar os licitadores: a documentación que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

IX.—Anuncios: os anuncios do presente concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 1996.

Ignacio Martínez González

Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela

Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público número 28/1996 para a contratación da subministración sucesiva de válvulas para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme a o establecido no artigo 7 da Orde do 22 de maio de 1996 (DOG do 6 de xuño) da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, convoca o seguinte concurso público nº 28/1996 para a contratación da subministración sucesiva de válvulas para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela mediante procedemento aberto e ordinario.

1.—Nome e enderezo do servizo: Servizo de Contratación Administrativa do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela. Hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706 Santiago de Compostela. Teléfono: (981) 54 05 36 Fax: (981) 53 12 55.

2.—a) Modalidade de adxudicación: concurso público. Procedemento aberto e ordinario.

b) Contido do contrato obxecto de licitación : a subministración sucesiva de válvulas para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, por un importe total máximo de 43.200.000 ptas. (corenta e tres millóns, duasetas mil pesetas), IVE incluído.

3.-a) Lugar de entrega: almacén do servizo de subministracións do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

b) Natureza e cantidade dos produtos a subministrar.

Lote nº 1: válvula biolóxica de pericardio:

Cantidade : 23 unidades.

Orzamento: 10.350.000 ptas.

Lote nº 2: válvula biolóxica porcina:

Cantidade: 12 unidades.

Orzamento: 4.800.000 ptas.

Lote nº 3: Válvula mecánica bivalva:

Cantidade: 51 unidades.

Orzamento: 28.050.000 ptas.

c) Licitación (á totalidade ou a un ou varios lotes): as empresas licitantes poderán presentar oferta á totalidade ou a un ou máis lotes por separado.

4.-Prazo de entrega eventualmente imposto: o prazo máximo de entrega de cada un das sucesivas subministracións fíxase en 15 días desde a recepción do pedido do Servizo de Subministracións, salvo que nas ofertas das firmas adxudicatarias se especifique un período de entrega menor.

5.-a) Nome e enderezo do servizo ó que poden solicitar-lo prego de condicións e os documentos complementarios: o que figura no punto 1.

b) Data límite para efectuar-la solicitude: 31 de agosto.

6.-a) Data límite de recepción de ofertas: 7 de setembro.

b) Enderezo ó que deben enviarse as ofertas: o que figura no punto 1.

c) Lingua o linguas nas que se deberán redactar as ofertas: castelán e/ou galego.

7.-a) Se é o caso, persoas admitidas a asistir a apertura das ofertas: apertura en acto público.

b) Data, hora e lugar de apertura das ofertas: 18 de setembro.

8.-Garantías esixidas.

Fianza provisional : 2% do orzamento de licitación ó lote/s ós que se presente oferta.

Fianza definitiva: 4% do orzamento máximo autorizado.

Constituiranse segundo disposto nas cláusulas 36 e 37 da Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas.

9.-Modalidades básicas de financiación e de pagamento e/o referencia os textos que as regulan: o pagamento realizarase segundo entregas do material, segundo establece o apartado 11 da folla de especificacións.

10.-No seu caso, forma xurídica que deberá adoptar-la unión de empresarios adxudicataria do contrato: as unións de empresarios poderán participar neste concurso nos termos previstos no artigo 24 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

11.-Condicións mínimas de carácter económico e técnico as que se deberá axustar-lo provedor: as condicións que se establecen na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.

12.-Prazo no que o licitador estará abrigado a manter-la súa oferta: durante 3 meses, desde a data de apertura das proposicións.

13.-Criterios de adxudicación do contrato: os que se establecen no apartado 10 da folla de especificacións.

14.-Variantes: pódense presentar variantes así como melloras sobre as características mínimas establecidas no prego de especificacións técnicas.

15.-Información complementaria: calquera outra información solicitarase ó servizo que figura no punto 1.

16.-Data de publicación no DOCE do anuncio de información previa.

17.-Data de envío do anuncio: 17 de xullo.

18.-Data de recepción do anuncio pola oficina de publicacións oficiais das Comunidades Europeas (reservado á OPOCE).

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 1996.

Ignacio Martínez González

Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela

Resolución do 2 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público número 24/1996 para a contratación da subministración sucesiva de marcapasos para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme a o establecido no artigo 7 da Orde do 22 de maio de 1996 (DOG do 6 de xuño) da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, convoca o seguinte concurso público.

1.-Nome e enderezo do servizo: Servizo de Contratación Administrativa do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela. Hospital Médico Cirúrxico de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706 Santiago de Compostela. Teléfono: (981) 54 05 36 Fax: (981) 53 12 55.

2.-a) Modalidade de adxudicación: concurso público. Procedemento aberto e ordinario.

b) Contido do contrato obxecto de licitación: a subministración sucesiva de marcapasos para o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, por un importe total máximo de 81.180.000 ptas. (IVE incluído).

3.-a) Lugar de entrega: almacén do servizo de subministracións do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

b) Natureza e cantidade dos produtos a subministrar.

Lote nº 1: marcapasos unicameral VVI-CCIC.

Cantidade: 25 unidades.

Orzamento: 7.000.000 de ptas.

Lote nº 2: marcapasos unicameral multiprogramable SSI-SSIC:

Cantidade: 40 unidades.

Orzamento: 15.800.000 ptas.

Lote nº 3: marcapasos unicameral autorregulable en frecuencia SSIR-VVIR:

Cantidade: 60 unidades.

Orzamento: 30.000.000 de ptas.

Lote nº 4: marcapasos bicameral DDD-DDDC:

Cantidade: 8 unidades.

Orzamento: 4.400.000 ptas.

Lote nº 5: marcapasos bicamerales con cble único VDD-VDDC:

Cantidade: 20 unidades.

Orzamento: 10.700.000 ptas.

Lote nº 6: marcapasos de estimulación monocameral VDDR:

Cantidade: 8 unidades.

Orzamento: 4.460.000 ptas.

Lote nº 7: marcapasos de estimulación bicameral DDDR:

Cantidade: 12 unidades.

Orzamento: 8.640.000 ptas.

c) Licitación (á totalidade ou a un ou varios lotes): as empresas licitantes poderán presentar oferta a totalidade ou a un ou máis lotes por separado.

4.-Prazo de entrega eventualmente imposto: o que se establece no prego de prescricións técnicas.

5.-a) Nome e enderezo do servizo ó que poden solicitar-lo prego de condicións e os documentos complementarios: o que figura no punto 1.

b) Data límite para efectuar a solicitude: 31 de agosto.

6.-a) Data límite de recepción de ofertas: 7 de setembro.

b) Enderezo ó que deben enviarse as ofertas: O que figura no punto 1.

c) Lingua o linguas nas que se deberán redactar as ofertas: castelán e/ou galego.

7.-a) Se é o caso, persoas admitidas a asistir a apertura das ofertas: apertura en acto público.

b) Data, hora e lugar de apertura das ofertas: 18 de setembro.

8.-Garantías esixidas.

Fianza provisional : 2% do orzamento de licitación ó lote/s ós que se presente oferta.

Fianza definitiva: 4% do orzamento máximo autorizado.

Constituiranse segundo disposto nas cláusulas 36 e 37 da Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas.

9.-Modalidades básicas de financiación e de pagamento e/o referencia os textos que as regulan: o pagamento realizarase segundo entregas do material, segundo establece o apartado 11 da folla de especificacións.

10.-No seu caso, forma xurídica que deberá adoptar a unión de empresarios adxudicatarios do contrato: as unións de empresarios poderán participar neste concurso nos termos previstos no artigo 24 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

11.-Condicións mínimas de carácter económico e técnico as que se deberá axustar ao provedor: as condicións que se establecen no prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

12.-Prazo no que o licitador estará abrigado a manter a súa oferta: durante 3 meses, desde a data de apertura das proposicións.

13.-Criterios de adxudicación do contrato: os que se establecen no apartado 10 da folla de especificacións.

14.-Variantes: pódense presentar variantes así como melloras sobre as características mínimas establecidas no prego de prescricións técnicas.

15.-Información complementaria: calquera outra información solicitarase ó servizo que figura no punto 1.

16.-Data de publicación no DOCE do anuncio de información previa.

17.-Data de envío do anuncio: 17 de xullo.

18.-Data de recepción do anuncio pola oficina de publicacións oficiais das Comunidades Europeas (reservado á OPOCE).

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 1996.

Ignacio Martínez González

Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela

Resolución do 4 de xullo de 1996, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia concurso público para a contratación da subministración de frascos de hemocultivos para os laboratorios de microbioloxía do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto e ordinario (expediente 57/1996).

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido no artigo 7 da Orde do 22 de maio de 1996 (DOG do 6 de xuño) da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, convoca o seguinte concurso público:

Obxecto e orzamento: a contratación da subministración de frascos de hemocultivos para os laboratorios de microbioloxía do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela por un importe máximo de 3.932.500 ptas. IVE incluído.

Prazo de execución: a duración do contrato será desde a sinatura ata o 31 de decembro de 1996.

Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria pode ser solicitada no rexistro xeral do Hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706 Santiago de Compostela, en días laborables desde as 9 ata as 14 horas.

Fianzas:

- a) Provisional: 2% do orzamento de licitación.
- b) Definitiva: 4% do orzamento máximo autorizado do contrato.

Constituiranse segundo o disposto nos artigos 36 e 37, respectivamente, da Lei 13/1995, de contratos das administracións públicas.

Clasificación: non se esixe.

Presentación de proposicións: as proposicións deberán presentarse en man, en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral do Hospital de Conxo, rúa Ramón Baltar, s/n, 15706 Santiago de Compostela, antes das 14 horas do vixésimo sexto día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no DOG, ou por correo no xeito indicado no apartado 10 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Apertura de proposicións: a apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas do Hospital de Conxo ás 10 horas do décimo primeiro día natural contado a partir do seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de ofertas; en caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

Documentación que deberán presenta-los licitadores: a documentación que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

Anuncios: os anuncios do presente concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 1996.

Ignacio Martínez González
Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE LUGO

Edicto do 19 de xullo de 1996 polo que se anuncia a aprobación inicial do P.A.U. e Plan Parcial do NRF Campiña-Zarra.

Ó aprobarse inicialmente por decreto da alcaldía con data 19-7-1996 o Programa de Actuación Urbánística e Plan Parcial do NRF Campiña-Zarra do PXOU vixente.

Conforme o previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo dun mes durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo (oficinas municipais de Quiroga Ballesteros), e presenta-las reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 19 de xullo de 1996.

Visto e prace
P.D. (Decreto alcaldía 60/1995)
Ramón Jaime Arias Roca
Tenente alcalde delegado de área

P.D.
Vicente Pérez-Carro
Vicesecretario

CONCELLO DE OLEIROS

Anuncio (FG-257).

Con data do 17 de xullo de 1996, esta alcaldía acordou aprobar inicialmente o estudo de detalle para fixar aliñacións, rasantes, ordenación de volumes, en predio sito en Montrove-Liáns, tramitado por instancia de *Promociones Rúa Agarimo, S.L.*

Acordouse tamén expoñer ó público o citado expediente polo prazo de quince días, que computará desde a derradeira publicación (DOG ou prensa). Ó longo do dito prazo o expediente quedará a disposición de todo aquel que queira examinalo,

podéndose face-las alegacións pertinentes. O expediente poderase examinar nas oficinas municipais de urbanismo de 9 a 13 horas tódolos días laborais.

Oleiros, 18 de xullo de 1996.

Alfredo Novoa Gil
Alcalde presidente en funcións

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Resolución do 17 de xullo de 1996 pola que se dispón a publicación da convocatoria de procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do exercicio de 1996 e dun posto de traballo.

En cumprimento do acordo do Pleno da Corporación do día 30 de maio de 1996, no que se aprobou o texto íntegro das bases xerais e específicas da convocatoria pública para a provisión de prazas vacantes existente no cadro de persoal e contidas na oferta de emprego público de 1996 e no exercicio das atribucións conferidas á alcaldía polo artigo 41.14º.a) do Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dispoño a publicación da convocatoria pública de probas selectivas para a provisión das seguintes prazas vacantes reservadas a funcionarios e contidas na oferta de emprego público de 1996:

1 de técnico da escala de Administración xeral, subescala técnica, integrada no grupo A.

2 de administrativo da escala de Administración xeral, subescala administrativa, integrada no grupo C.

4 de auxiliar da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, integrada no grupo D.

1 de ordenanza da escala de Administración xeral, subescala subalterna, integrada no grupo E.

1 de inspector de tributos da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase de cometidos especiais, integrada no grupo A.

1 de técnico informático da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase cometidos especiais, técnica, integrada no grupo A.

1 de técnico cultural da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase cometidos especiais, técnica, integrada no grupo A.

1 de delineante da escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnico-auxiliar, integrada no grupo C.

1 de oficial da policía local da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, integrada no grupo C.

1 de suboficial da policía local da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, integrada no grupo C.

3 de sarxento da policía local da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, integrada no grupo C.

5 de cabo da policía local da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, integrada no grupo D.

3 de garda da policía local da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, integrada no grupo D.

3 de bombeiro da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase extinción de incendios, integrada no grupo D.

1 de vixilante da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, integrada no grupo E.

6 de operario da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, integrada no grupo E.

As probas selectivas convocadas rexeranse polas bases xerais e específicas aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión do día 30-5-1996, nas que se especifican os requisitos para o ingreso e os procedementos de selección, texto que se publicou no BOP número 133 correspondente ó día 10 de xullo de 1996, computándose o prazo de 20 días naturais para a presentación de instancias a partir da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Así mesmo convócase concurso de méritos para a provisión do posto de encargado da Casa do Concello polo sistema de promoción interna entre funcionarios municipais da subescala subalterna da escala de Administración xeral integrados no grupo E, consonte a alínea C) das bases aprobadas publicadas no BOP número 133, do 10 de xullo de 1996, sendo o prazo para a presentación de instancias para os que optan ó posto de encargado da Casa do Concello de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O que se fai público para xeral coñecemento e para os efectos legais pertinentes.

Pontevedra, 17 de xullo de 1996.

Juan Luis Pedrosa Fernández
Alcalde

Anuncio polo que se aclara o límite do prazo establecido para a presentación de proposicións optando á concesión da obra dun aparcamento subterráneo na parte posterior da audiencia provincial e a subseguinte explotación.

Na páxina 6.390 do DOG correspondente ó día 16 de xullo de 1996 publicouse a resolución do 2 de xullo de 1996, pola que se anuncia licitación para a contratación dun aparcamento subterráneo na parte posterior da audiencia provincial e subseguinte explotación das obras (contrato de concesión de obra), na que se omite a alínea sexta relativa á data límite de recepción de ofertas, o prazo para a presentación de proposicións, aínda que o contido do anuncio publicado se deduz que son 60 días naturais desde o día seguinte ó da súa publicación. Xa que logo a alcaldía amplía o anuncio de referencia informando e clarexando ós interesados na licitación pública convocada, que o prazo para a presentación de ofertas é de 60 días naturais contados a partir do día 17 de xullo de 1996, sendo a data límite para a recepción das ofertas o día 16 de setembro, por canto o día 14 (data do vencemento), coincide en sábado, de conformidade coa cláusula décimo cuarta do prego.

Pontevedra, 22 de xullo de 1996.

Juan Luis Pedrosa Fernández
Alcalde

Julio Dapena Outomuro
Secretario xeral

CONCELLO DE RODEIRO

Anuncio.

O Pleno do Concello, en sesión do día 24 de maio de 1996 acordou aprobar inicialmente o proxecto de ampliación do solo urbano redactado polo equipo A.D.I.U., S.L.

Durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da inserción deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, poderá ser examinado na secretaría do concello e formular alegacións.

Rodeiro, 5 de xuño de 1996.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Anuncio de concurso aberto.

1. Obxecto do contrato.

É a selección de proxectos, construción e explotación de estacionamento para vehículos no Cava-delo.

2. Tipo de licitación.

O concursante ofrecerá, na súa proposición, un canon anual mínimo que deberá aboar ó Concello de Vilagarcía de Arousa.

3. Prazo da concesión.

O prazo total da concesión será de 75 anos, a partir da data de remate das obras e recepción provisional delas.

4. Garantías provisional e definitiva.

Para participar no concurso, constituirase unha garantía provisional de 1.000.000 de ptas.

A fianza definitiva fíxase no 4% do orzamento de execución material das obras. En canto á explotación constituirase unha fianza definitiva por importe de 3.000.000 de ptas.

5. Proposicións.

As proposicións presentaranse nas oficinas municipais de secretaría, Negociado de Urbanismo, no prazo de vinteseis días hábiles, a partir do seguinte ó da inserción do anuncio de licitación no BOE.

As proposicións axustaranse ó modelo que consta no prego de condicións.

6. Documentación.

Os licitadores, xunto coa súa proposición, a documentación a que se refire a cláusula XII do prego de condicións e nos sobres que figuran nela.

7. Apertura de plicas.

Terá lugar no salón de sesións do concello, ás 13.30 horas do día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións.

8. Prego de condicións.

Están á disposición dos interesados na secretaría do concello, tódolos días laborais, durante as horas de oficina, agás o sábado.

Vilagarcía de Arousa, 9 de xullo de 1996.

Joaquín J. Gago López
Alcalde

AVISO PARA OS ANUNCIANTES

**PREZOS PARA A PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS
NO DOG A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DE 1996**

(Decreto 289/1995, do 3 de novembro,
DOG do 9 do mesmo mes)

-Tramitación ordinaria: 445 pesetas/liña de 54 espacios.

-Tramitación urxente: 890 pesetas/liña de 54 espacios.

Números de teléfono do Diario Oficial de Galicia
Teléfonos: 544268 – 544270
Fax: 544272 – 544273